



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de outubro de 2022 (1310/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de outubro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(892).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 14 e do 20 de outubro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(893).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS: CENTROS DECORATIVOS PARA ESCENARIOS, CENTROS/RAMOS CONMEMORATIVOS OU FUNERARIOS E COROAS CONMEMORATIVAS OU FUNERARIAS. EXPTE. 19222/101.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/2022, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022 adoptou o acordo de adxudicar a BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (NIF-36166650R) o lote 1 “Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101), que atópase vixente na actualidade.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de xullo de 2022 adoptou o acordo de: “Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) para o lote 2 (“Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais”), o lote 3 (“Ramos/centros conmemorativos ou funerarios”) e o lote 4 (“Coroas conmemorativas ou funerarias”).

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e en base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 13 de setembro de 2022 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que dispón que se inicie expediente administrativo para a prestación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Alcaldía, como superior órgano de goberno desta administración municipal, desenvolve diferentes actuacións institucionais, ocupándose da organización das recepcións oficiais que se realizan en dependencias municipais por tratarse de actos institucionais, en concreto, por delegación de data 26.06.2019, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.



Concello de Vigo

O normal desenvolvemento destas atribucións de carácter protocolario implican a necesidade de contratación do subministro de flores para actos e eventos institucionais.

A Concellería de Xestión Municipal, e en concreto a Alcaldía encargase da organización de recepcións e eventos de carácter institucional en representación do Concello de Vigo ao longo de todo o ano.

O presente contrato ten por obxecto a contratación da prestación do subministro de flores para actos institucionais, en concreto para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias.

Dentro do obxecto do contrato inclúese: as flores, a manipulación e os arranxos florais dos ramos, centros florais ou coroas e mais transporte e entrega no lugar de destino.

En cumprimento do establecido no art. 99.3 da Lei 9/2017, determínase a realización por lotes das diversas tipoloxías de servizos, sendo o número de lotes TRES:

Lote 1.- Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais.

Lote 2.- Ramos/centros conmemorativos ou funerarios.

Lote 3.- Coroas conmemorativas ou funerarias.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada con data 13 de setembro de 2022.
- Declaración de neutralidade da redactora do PPTP de data 14 de setembro de 2022.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía con data 14 de setembro de 2022.
- Memoria económica asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 16 de setembro de 2022.
- Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 20 de setembro de 2022.
- Prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 18 de outubro de 2022.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente para os conceptos incluídos no contrato.

Normativa de aplicación.

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

A contratación a realizar cualifícase como contrato de subministro de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 16 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** (artigo 156 da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

En canto a forma de tramitación será a ordinaria.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes: 03121100 - Plantas vivas, bulbos, raíces e esquexes; 03121200 - Flores cortadas; 03121210 - Arranxos florais.

Prezo do contrato

O orzamento máximo de licitación é de **5.533,83 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 10% de iva **503,07€**

Prezo con iva: **5.533,83 €**

Prezo sen iva: **5.030,76 €**



Concello de Vigo

Importe 10% ive: **503,07 €**

Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato ascende a **20.123,04 euros**. (anualidade máis tres anos de prorroga). No antedito importe están incluídos as porcentaxe s de beneficio industrial e os gastos xerais.

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía correspondente ao exercicio 2022, de acordo ás seguintes anualidades:

LOTE 1:

Primeira e única anualidade: do 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023. por un importe total de **2.108,12 (ive engadido)**.

Ano 2022: 175,67

Ano 2023: 1.932,45

1º Prorroga: do 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024.

Ano 2023: 175,67

Ano 2024: 1.932,45

2º Prorroga: do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025.

Ano 2024: 175,67

Ano 2025: 1.932,45

3º Prorroga: do 1 de novembro de 2025 ao 31 de outubro de 2026.

Ano 2025: 175,67

Ano 2026: 1.932,45

LOTE 2:

Primeira e única anualidade: do 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023 por un importe total de **2.371,64 (ive engadido)**.

Ano 2022: 395,26 €

Ano 2023: 1.976,38 €

1º Prorroga: do 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024.

Ano 2023: 395,26 €

Ano 2024: 1.976,38 €

2º Prorroga: do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025.

Ano 2024:395,26 €

Ano 2025: 1.976,38 €

3º Prorroga: do 1 de novembro de 2025 ao 31 de outubro de 2026.

Ano 2025: 395,26 €

Ano 2026: 1.976,38 €

LOTE 3:

Primeira e única anualidade: do 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023 por un importe total de **1.054,06 (ive engadido)**.

Ano 2022: 175,67 €

Ano 2023: 878,39 €

1º Prorroga: do 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024.

Ano 2023: 175,67 €

Ano 2024: 878,39 €

2º Prorroga: do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025.

Ano 2024: 175,67 €

Ano 2025: 878,39 €

3º Prorroga: do 1 de novembro de 2025 ao 31 de outubro de 2026.

Ano 2025: 175,67 €

Ano 2026: 878,39 €

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais, en concreto para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 14 de setembro de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 18 de outubro de 2022, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe de **5.533,83 €** iva engadido, sendo o importe correspondente ao 10% de iva **503,07€** con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía correspondente ao exercicio 2022, e de acordo ás seguintes anualidades con iva :

- Ano 2022: 746,60 €
- Ano 2023: 4.787,22 €

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(894).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO: LOTES 3, 4 E 7. EXPTE. 19157/101.

Visto o informe de fiscalización do 25/10/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 20/10/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 3, 4 e 7)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 3, 4 e 7)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de agostos de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Declarar a urxencia da tramitación do procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo. Expediente 19157-101.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 11 de agosto de 2022 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 17 de agosto de 2022, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro .- Autorizar un gasto polo importe da licitación 110.149,68 € (co iva incluído) sendo o importe do 10% de iva 10.013,61 €. Sendo a única anualidade do 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023. Sendo a única anualidade para cada lote a seguinte: LOTE 1 Ano 2022: 2.635,14 € / Ano 2023: 7.905,50 €; LOTE 2 Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 €; LOTE 3 Ano 2022: 3.293,94 € / Ano 2023: 9.881,86 € LOTE 4 Ano 2022: 4.611,51 € / Ano 2023: 13.834,61 €; LOTE 5 ano 2022: 9.881,85 € / Ano 2023: 29.645,55 €; LOTE 6 Ano 2022: 3.162,18 € / Ano 2023: 9.486,58 €; LOTE 7 Ano 2022: 658,77 € / Ano 2023: 1.976,39 € Este gasto podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“xcluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe da xefa do Departamento de Alcaldía do 28 de setembro de 2022:

1. GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7)
2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA (Lote 4)



Concello de Vigo

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) na seguinte orde descendente:

- LOTE 3 SERVIZO DE CATERING PARA APERITIVO OU CÓCTEL CON DOCES

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|------|---------------------------|------------------|
| 1 | LUCIMARCA, S.L | 30,00 |
| 2 | PANADERIA EL TRIGAL CELTA | 00,00 |

- LOTE 4 SERVIZO DE CATERING PARA VINO ESPAÑOL

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|------|-------------------------|------------------|
| 1 | GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN | 100,00 |
| 2 | LUCIMARCA, S.L | 14,32 |

- LOTE 7 SUBMINISTRO DE AUGA EMBOTELLADA PARA ACTOS, EVENTOS E REUNIÓNS

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|------|-----------------|------------------|
| 1 | LUCIMARCA, S.L. | 100,00 |

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, LUCIMARCA, S.L. (lotes 3 e 7) (B-66.000.498) e GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (lote 4) (B-27.847.508), para que presenten, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Dado que GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. xa presentou documentación para os lotes 1, 2, 5 e 6 nos que resultou clasificado en primeiro lugar, unicamente deberá presentar a garantía definitiva e o nomeamento do delegado deste lote conforme ao modelo do Anexo IV do PCAP."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, nos respetivos lotes, LUCIMARCA, S.L. (lotes 3 e 7) e GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (Lote 4), o día 6 de outubro de 2022. LUCIMARCA, S.L. presente documentación dentro do prazo concedido o 14 de outubro de 2022, complementando a mesma con documentación presentada, rematado o prazo, o día 18 de outubro de 2022. Pola sua parte, GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., realiza transferencia para a garantía

definitiva en prazo o día 6 de outubro de 2022 e, unha vez rematado o prazo, presenta o Anexo IV do PCAP o día 19 de outubro de 2022.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de outubro de 2022 admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. para o lote 4 e LUCIMARCA, S.L. para os lotes 3 e 7, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. para o lote 4 e a formulada por LUCIMARCA, S.L. para os lotes 3 e 7, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 28 de setembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Adxudicar a LUCIMARCA, S.L. (B-66.000.498) os lotes 3 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) coas seguintes condicións:

- LOTE 3: Servizo de catering para aperitivo ou cóctel con doces



Concello de Vigo

a) O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 13,00 euros.

- LOTE 7: Subministro de augas embotellada de 500 ml para actos, eventos e reunións

a) O prezo máximo do lote é de 2.635,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 239,56 euros, cun prezo unitario de 0,25 euros.

Segundo.- Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) coas seguintes condicións:

- LOTE 4: Servizo de catering para vino español

a) O prezo máximo do lote é de 18.446,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.676,92 euros, cun prezo unitario de 16,23 euros.

b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP) en 4 unidades

c) Incrementa o número de bocados doces por persoa (2 bocados) segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP en 3 unidades

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(895).- INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN, CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 6723/241.

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 01/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Real decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, do Presidente da Xunta de Galicia
- Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de novembro de 2013, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 €).

Con data do 7 de marzo de 2014, a XGL, tomou razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa adxudicataria, CIVIS GLOBAL, S.L., co obxecto de ser a titular desta concesión e autorizou a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L.

Segundo.- En data 24 de abril de 2020 a XGL acordou, entre outros extremos, o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade de execución da concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333), adxudicado a MQA NAVIA, S.L., consonte ó previsto nos pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2013, desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.



Concello de Vigo

2º.- Manter das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT aquelas necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo informadas favorablemente polo responsable do contrato segundo o disposto no fundamento xurídico III deste informe (...)”.

Terceiro.- En data 7 de maio de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA, S.L.U., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200055296) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, como consecuencia da imposibilidade de executar o contrato durante o estado de alarma, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD-L 8/2020, para os meses de marzo e abril de 2020. Esta solicitude se lle deu o número de expediente 582-441. Sobre esta solicitude constan no citado expediente informes do xefe do servizo de Deportes e do xefe da area de Inversións de 5 de xuño de 2020 e 25 de xuño de 2020.

Cuarto.- En data 11 de xuño a XGL, a solicitude do concesionario, acordou *“Comunicar ao concesionario o fin da suspensión da execución do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333) procedendo á reanudación do contrato o venres 12 de xuño de 2020”*.

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 10 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Reequilibrar a concesión de servizo público de construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020.

2º.- A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, MQA NAVIA, S.L., por un importe de 367.226,82 euros que aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 3410 2269902”.

Sexto.- En data 4 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou:

“1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

(...)

b) Concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333), adxudicado a MQA NAVIA, S.L., agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT necesarias para

garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.”

Sétimo.- *En data 5 de marzo de 2021, a XGL acordou:*

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

- (...)*
- Concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente nº 12.242-333).*

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Oitavo.- O 19 de xaneiro de 2022, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de MQA NAVIA S.L.U. (B27794791), mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do seu contrato, de acordo co establecido no artigo 220 do TRLCSP, entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021.

Xunto coa solicitude de indemnización acompaña documentación xustificativa da indemnización solicitada.

Noveno.- O responsable do contrato emite informes sobre a solicitude que nos ocupa en datas 11 de abril e 17 de xuño de 2022.

Décimo.- En data 17 de xuño de 2022 o servizo xestor emite dilixencia indicando a aplicación orzamentaria de aplicación se procedese o abono de indemnización pola suspensión do contrato.

Undécimo.- En data 19 de agosto de 2022, a xefa do servizo de Contratación formula proposta de indemnización dos danos e perdas ao concesionario ocasionados como consecuencia da suspensión da execución da concesión desde o 27 de xaneiro ata o 26 de febreiro de 2021. Da mesma se da traslado ao concesionario no mesmo día, concedéndolle trámite de audiencia.

Duodécimo.- En data 30 de agosto de 2022, durante o trámite de audiencia, o concesionario manifesta a súa conformidade coa proposta referida no antecedente anterior.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

NATUREZA DO CONTRATO E LEXISLACIÓN APLICABLE

O contrato de xestión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo de 22 de novembro de 2013 a CIVISGLOBAL, S.L. Esta mercantil axuntou na súa oferta o compromiso de constitución dunha sociedade instrumental para a xestión da concesión. A XGL, na sesión ordinaria do 7 de marzo de 2014, tomou razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., e acordou autorizar a formalización do contrato coa mesma.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

-II-

RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DO CONTRATO

A suspensión dun contrato administrativo é un mecanismo previsto na lei para o suposto da existencia de imprevistos ou de circunstancias que impiden a normal execución do mesmo. Afecta ó prazo de execución do contrato, que se interrompe mentres existan impedimentos que obstaculicen o seu cumprimento.

Como contrapartida o contratista terá dereito a indemnización dos danos e prexuízos efectivamente sufridos durante o período de suspensión, sempre e cando os acredite.

Establece ao respecto o artigo 220.1 do TRLCSP que se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216 (suspensión do contratista por demora da Administración no pago do prezo do contrato superior a catro meses), estenderase un acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada la suspensión, a Administración abonará ao contratista os danos e perdas efectivamente sufridos (artigo 220.2 do TRLCSP).

O PCAP que rexe a presente concesión non regula a suspensión.

-III-

PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PREXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DO CONTRATO

O artigo 220 do TRLCSP prevé que só se indemnizarán os períodos de suspensión que estiveran documentados na correspondente acta. O contratista poderá pedir que se estenda dita acta. Se a Administración non responde a esta solicitude entenderase, agás proba en contrario, que se iniciou a suspensión na data sinalada polo contratista na súa solicitude.

O dereito a reclamar prescribe nun ano contado desde que o contratista reciba a orde de reanudar a execución do contrato.

No caso que nos ocupa o propio acordo de suspensión da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021 recolle as circunstancias que motivaron a suspensión (a Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia) así como o seu alcance. Suspende a execución do contrato coa única excepción de:

“[...] agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 7 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo”.

E contempla a data dos efectos da suspensión, 27 de xaneiro de 2021, polo que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 220 do TRLCSP aínda que non se estendese a correspondente acta.

A empresa concesionaria solicita unha indemnización de 126.614 euros en concepto dos danos e prexuízos sufridos durante o período de suspensión, do 27 de xaneiro e o 26 de febreiro. Indica o concesionario en xustificación da mesma que:

“Durante el periodo comprendido entre el 27 de enero 2021 y 26 de febrero de 2021, la sociedad concesionaria no percibió ningún ingreso ni retribución derivada del desarrollo de su única actividad consistente en la ejecución del contrato. Aun así, durante dicho periodo de cierre, la sociedad concesionaria siguió realizando las acciones indispensables para mantener las instalaciones y la actividad del Complejo deportivo y sus usuarios en condiciones aptas para la fecha de reanudación del servicio público, con el alcance puesto de manifestó ante el Concello. Estas acciones, que son muestra inequívoca de la voluntad de cumplimiento de las exigencias y obligaciones que le corresponden como concesionario, llevan aparejados sus correspondientes costes operativos con los gastos salariales de los trabajadores que fueron asumidos por la sociedad concesionaria pese a no tener ingresos. Además, durante este periodo de completa suspensión de la actividad en las instalaciones e inexistencia de ingresos, la sociedad concesionaria ha



Concello de Vigo

teniendo que hacer frente a los pagos financieros que resultan de su objeto y al pago de la deuda de la inversión realizada en el marco del contrato”.

Para determinar a indemnización realiza unha comparativa entre os ingresos e custes de explotación do mesmo período do ano anterior e os reais do período da suspensión. Axunta a solicitude xustificación documental dos ingresos e custes, así como un informe emitido por LMN LUCA AUDITORES que certifica a veracidade da información achegada con arranxo aos datos das contas auditadas.

Informa ao respecto o responsable do contrato, en data 11 de abril de 2022, o seguinte:

“II.- Solicitude de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados polo período de suspensión do contrato entre o 27/01/2021 e o 26 de febreiro de 2021.

Con data 19 de xaneiro a mercantil MQA NAVIA S.L.U. (B27794791) presenta “solicitude de de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados polo período de suspensión do contrato entre o 27/01/2021 e o 26 de febreiro de 2021”, indicando que en consecuencia dos acordos da XGL de data 04/02/2021 e de 05/03/2021, durante o período comprendido entre o 27 de xaneiro de 2021 e o 26 de febreiro de 2021, as instalacións do Complexo deportivo MQA Navia estiveron totalmente cerradas ao uso público sen que a sociedade concesionaria puidese desenvolver a actividade obxecto del contrato.

Así mesmo na súa solicitude indica:

“Durante o período comprendido entre o 27 de xaneiro de 2021 e o 26 de febreiro de 2021, a empresa concesionaria non percibiu ningún ingreso nin retribución derivada do desenvolvemento da súa única actividade consistente na execución do contrato.

Aínda así, durante o dito período de peche, a empresa concesionaria continuou realizando as actuacións imprescindibles para manter as instalacións e a actividade do Complexo Deportivo e dos seus usuarios en condicións idóneas para a data de reinicio do servizo público, co alcance sinalado ante do Concello. Estas actuacións, que son unha sinal inequívoco da vontade de cumprir coas esixencias e obrigas que lle corresponden como concesionaria, e supoñen os seus correspondentes gastos de explotación cos gastos salariais dos traballadores que foron asumidos pola empresa concesionaria a pesar de carecer de ingresos.

Ademais, durante este período de suspensión total da actividade nas instalacións e inexistencia de ingresos, a empresa concesionaria tivo que facer fronte aos pagos financeiros que resultan do seu obxecto, e ao pago da deda da inversión realizada no marco do contrato.”

Da documentación presentada pola mercantil MQA NAVIA procede identificar os seguintes conceptos:

a.- A documentación presentada ven a xustificar un procedemento para a estimación dos danos e prexuízos causados pola orde de peche da instalación durante o período do 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021. A estimación económica ven a determinarse a través dun proceso comparativo entre os “ingresos” e “gastos”, comparando estes entre os datos reais do meses de xaneiro/febreiro 2021 e xaneiro/febreiro 2020, e aplicando de forma proporcional os mesmos, o número de días de cada mes do peche; (5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%)

b.- Os cálculos realizados por MQA NAVIA, para determinar o alcance da indemnización correspondese co propio método de calculo realizado para a determinación da indemnización aprobada pola XGL en data 10 de agosto de 2020 (expte 6460/241 sobre o reequilibrio da concesión de servizo público de construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020). Neste expediente a proposta de indemnización foi calculada como o sumatorio do resultado dos ingresos sobre gastos do período de peche en comparación co mesmo período do ano anterior.

c.- Analise dos datos aportados para a xustificación do alcance económico dos INGRESOS e GASTOS, e a determinación do resultado:

c.1.- SOBRE OS INGRESOS: Presenta un análise detallada para o calculo da perda de ingresos de acordo cos seguintes criterios:

- > Ingresos reais dos meses de xaneiro e febreiro do ano 2020 para a determinación dos ingresos correspondentes o período de peche 5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%).
- > Ingresos reais dos meses de xaneiro e febreiro do ano 2021 para a determinación dos ingresos correspondentes o período de peche 5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%).
- > Na xustificación ven a identificarse como estimación de ingresos previstos para o período de peche do ano 2021 os mesmos ingresos do período 2020.

| | | Mes | Período de Ingresos peche reais | | |
|----------|------------------|---------|------------------------------------|---------|---------|
| Ingresos | Xaneiro 2020 | 222.346 | 16,12% | 35.842 | |
| | Febreiro 2020 | 223.349 | 89,28% | 199.406 | |
| | | | | | |
| Ingresos | Xaneiro 2021 | 140.549 | 16,12% | 22.656 | 35.842 |
| | Febreiro 2021 | - 200 | 89,28% | - 179 | 199.406 |



Concello de Vigo

c.2.- SOBRE OS CUSTES: Presenta un análise detallada para o calculo de acordo cos seguintes criterios:

A acreditación dos custos soportados pola empresa concesionaria realízase mediante unha importante documentación anexa, na que se examinan os seguintes parámetros:

Co obxecto de acreditación dos custes, presenta como documentación complementaria una relación de facturas que xustifican os custes indicados nas táboas anteriores (xaneiro 2021 por un importe de 159.115 € e febreiro por un importe de 92.287 €), con todas as facturas xustificativas escaneadas.

O listado das facturas ou documentos contables xustifican o alcance dos custes utilizados para a estimación da indemnización. Coa documentación presentada non se pretende identificar de forma analítica que custes se corresponden de forma directa e específica ao período de peche, senon que se ven a xustificar que custes forman parte dos custes aboados nos meses do período de peche e sobre estes se aplica o porcentaxe correspondente os días de peche de cada mes. Sobre o análise do conxunto dos documentos contables presentados débese indicar as seguintes observacións:

- A documentación presentada denota un alto grado de transparencia e claridade.
- Desprendeuse que unha parte de facturas se corresponden a importes de custes abonados pola concesionaria no período de referencia, e aquelas facturas de custes que se corresponden a subministracións e outros conceptos con lecturas independentes, polo cal estas veñen a identificar custes específicos do período de peche.
- En todo caso, a memoria xustificativa de facturas e documentos contables presentados non teñen por obxectivo identificar os custes a indemnizar, senón que tal como se identifica no modelo para a estimación da indemnización, esta documentación ven a acreditar unha comparación sobre os custes dun mesmo período en dous anos diferentes 2021 sobre o 2020, co obxecto de establecer un calculo para a estimación do alcance dos danos e prexuízos producidos pola orde de peche da instalación.
- Procedeuse a solicitar a concesionaria copia dos documentos contables identificados inicialmente como previsión de gasto, e se achega con esta documentación as facturas acreditativas dos mesmos.
- Realízase unha comparación entre os custos soportados na actualidade e os custos da instalación antes da súa apertura coas condicións e limitacións esixidas como consecuencia do Covid, co fin de ofrecer unha imaxe fiel da realidade existente.
- Os custos reais realizados impúntanse tendo en conta a redución dos custos laborais como consecuencia da situación de ERTE de parte do persoal.

Resumen dos datos dos custes:

| | | Mes | Período de peche | Custes reais | |
|------------------|---------------|---------|------------------|--------------|---------|
| Custes | Xaneiro 2020 | 191.467 | 16,12% | 30.864 | |
| | Febreiro 2020 | 182.947 | 89,28% | 163.335 | |
| Custes previstos | | | | | |
| | Xaneiro 2021 | 159.115 | 16,12% | 25.649 | 30.864 |
| | Febreiro 2021 | 92.287 | 89,28% | 82.394 | 163.335 |

RESUMEN E ESTIMACIÓN RESULTADO DOS INGRESOS E CUSTES DOS PERÍODOS A COMPARAR:

| | 27/31 xaneiro | 1/25 febreiro | |
|----------------|------------------------|------------------|------------------------------------|
| Resultado | Mesmo período de peche | | |
| Ingresos 2020 | 35.842 | 199.406 | Datos ano 2020 |
| Custes 2020 - | 30.864 | 163.335 | Datos ano 2020 |
| Resultado | 4.978 | 36.071 | 41.049 Beneficio estimado previsto |
| Ingresos reais | 22.656 | - 179 | Datos reais 2021 |
| Custes reais - | 25.649 | - 82.394 | Datos reais 2021 |
| Resultado | - 2.993 | - 82.572 | - 85.565 Resultado real 126.614 |

d) XUSTIFICACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

Xúntase a este escrito, informe emitido por LMN LUCA AUDITORES que certifica, de acordo cos datos reais das contas auditadas, a veracidade das informacións e datos que nelas se indican.

e) SOBRE OS CUSTES DE PERSOAL

Xúntase a este documento, como documento no 5, a documentación xustificativa dos seguintes conceptos:

- Relación nominal de traballadores durante o período 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021 (documento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social).
- Relación de cada un dos traballadores coas modificacións derivadas do tipo de ERTE



Concello de Vigo

III.- ANÁLISE DA XUSTIFICACIÓN PRESENTADA EN RELACIÓN O GASTOS REAIS DERIVADOS DA EXPLOTACIÓN:

En relación a este informe e oportuno indicar que o mesmo soamente ten por obxecto analizar a documentación presentada polo concesionario en relación a “solicitud de de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados polo período de suspensión do contrato entre o 27/01/2021 e o 26 de febreiro de 2021”, e sobre a mesma, a xuízo do técnico que asina este informe na calidade de responsable do contrato debese destacar os seguintes aspectos:

- O peche da instalación MQA NAVIA ao uso publico prodúcese no período do 26 de xaneiro de 2021 e 25 de febreiro de 2021. A instalación permanece pechada ao publico na súa totalidade.
- MQANAVIA SLU, presenta na documentación una acreditación fidedigna a realidade, identificando de forma detallada unha proposta para a identificación dos custes que soporta a sociedade concesionaria en relación a determinar unha comparación do período de peche entre os anos 2021 (no cal se produce o peche) e o ano 2020 como ultimo de referencia e sobre o cal non se produce os efectos do COVID, aplicando de forma proporcional os mesmos, o número de días de cada mes do peche; (5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%)
- Establécese unha comparación entre os custos soportados coa instalación pechada cos custos que se asumían pola concesionaria coa instalación aberta, co obxecto de ofrecer unha imaxe fiel da realidade existente e posibilite unha comparación, así como a estimación dun calculo da indemnización.
- En relación os ingresos a concesionaria fai unha comparativa entre os ingresos reais do exercicio anterior para acreditar a contía previsible dos ingresos que se tería obtido no período 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021. Sobre estes identifica a estimación prevista dos ingresos que obtería a empresa concesionaria no período 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021, tomando como referencia os importes que se facturasen no exercicio anterior, coherente cos exercicios anteriores, e finalmente identifica os Ingresos reais, obtidos finalmente no período 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021, aplicando de forma proporcional os mesmos, o número de días de cada mes do peche; (5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%).
- A determinación final do alcance da indemnización solicitada correspondense co propio método de calculo realizado para a determinación da indemnización aprobada pola XGL en data 10 de agosto de 2020 (expte 6460/241 sobre o reequilibrio da concesión de servizo público de construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020). Neste expediente a proposta de indemnización foi calculada como o sumatorio do resultado dos ingresos sobre gastos do período de peche en comparación co mesmo período do ano anterior.

- O importe da indemnización xustificada correspondese co importe de 126.614 euros.

Á vista dos datos presentados considerase xustificadas os datos económicos presentados pola mercantil MQA NAVIA como base da indemnización solicitada por un importe de 126.614 €, polos danos e prexuízos durante o período de suspensión do contrato comprendido entre o 27 de xaneiro de 2021 e o 26 de febreiro de 2021”.

É preciso analizar a documentación presentada tanto á vista da lexislación aplicable como da doutrina dos órganos administrativos consultivos e da xurisprudencia. Esta é unánime en esixir os seguintes requisitos:

1. Que os danos efectivamente se deriven da suspensión do contrato.
2. Que os conceptos indemnizables sexan xustificados e acreditados polo contratista, o que implica que achegue os correspondentes medios de proba dos que se deduza con claridade a produción de danos concretos e efectivos, non resultando admisibles a estes efectos simples conxecturas, deducións ou estimacións abstractas con base na documentación contable da empresa.
3. Que da documentación achegada permita deducir o custe destes danos e prexuízos.

Nesta liña, o ditame co Consejo de Estado nº 813/2019, de 21 de novembro de 2019, que dí:

“el derecho invocado por el contratista sobre dicha base legal a cobrar los incrementos de costes directos e indirectos, así como sobre los gastos generales en que ha incurrido por suspensiones y aumento del plazo de ejecución ha de referirse a situaciones en que la Administración hubiera acordado la suspensión del contrato, siempre que la suspensión de los trabajos hubiera tenido lugar por causa imputable a ella y no al contratista. Asimismo, los conceptos indemnizables deberán ser justificados y acreditados por éste, lo que implica la aportación de los correspondientes medios de prueba, a partir de los que quepa razonablemente deducir la producción de un daño concreto y efectivo. (...) La justificación de las causas por las que el contratista formula su pretensión indemnizatoria debe contenerse en el escrito de reclamación presentado al efecto, en el que han de detallarse los hechos y las circunstancias que avalan su pretensión 4 (...) Asimismo, es doctrina de este Consejo que los gastos generales no pueden indemnizarse de forma genérica o mediante porcentaje a tanto alzado, sino que ha de acreditarse su realidad, efectividad e importe, sin que sea dable ni presumir su existencia ni determinar su importe mediante un porcentaje del presupuesto material de ejecución.”

E a sentenza do Tribunal Supremo nº 4120/2014, de 1 de outubro de 2014, aclara que se entende por danos e prexuízos derivados da suspensión do contrato *“ha de tratarse de daños y perjuicios reales que sean consecuencia de la suspensión*



Concello de Vigo

acordada administrativamente, sin que basten a tales efectos simples conjeturas, deducciones o estimaciones abstractas con base en la documentación contable de la empresa (...) esto significa que cualquier reclamación deducida por el contratista con esa finalidad tendrá que singularizar los desembolsos efectivamente realizados a causa de la suspensión, y habrá de hacerlo así: primero, describiendo el concreto personal y demás elementos materiales que necesariamente han tenido que quedar adscritos y dedicados en exclusiva a la obra que haya sido objeto de la suspensión; segundo, ofreciendo prueba, con suficientes garantías de objetividad, que demuestre que el personal y los elementos así descritos estuvieron efectivamente adscritos a la obra suspendida y no fueron utilizados en otras obras o actividades distintas de la contratista; y tercero, aportar la documentación que, directamente referidas a tales elementos, ponga de manifiesto el montante de su costo. (...) por aplicación de las reglas de la carga de la prueba incumbe a la contratista probar y justificar debidamente todo lo anterior” (fundamento xurídico cuarto).

Á vista destes postulados, a xuízo da informante, procede propoñer ao órgano de contratación, o recoñecemento do dereito da empresa concesionaria a ser indemnizada polos gastos que tivo durante a suspensión do contrato, en concepto de danos e prexuízos que lle ocasionou a mesma. No entanto, non é posible indemnizar a suposta perda de ingresos solicitada polo contratista, por canto durante a suspensión do contrato este deixa de producir efectos entre as partes, e o prazo no que permanece en suspenso non se computa aos efectos da súa duración. É preciso que o contratista resulte indemne desta suspensión que se produce por causas que non lle son imputables, pero non ten dereito a que se lle garantan ingresos. Así mesmo, é preciso recordar que a xurisprudencia ten fixado o criterio de que os danos sexan reais e consten acreditados fehacientemente, non sendo admisibles a estes efectos simples conxecturas, deducións ou estimacións abstractas con base na documentación contable da empresa. E a perda de ingresos basease precisamente nunha estimación comparando o período da suspensión co mesmo período do ano inmediatamente anterior ao da suspensión.

En conclusión, procede propoñer ao órgano de contratación que indemne ao contratista na cantidade de 85.565 euros en concepto de danos e prexuízos derivados da suspensión do contrato entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021.

A indemnización imputarase, consonte informa o servizo xestor, á aplicación orzamentaria 3410.226.99.00 “Outras actuación e imprevistos”.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Recoñecer o dereito de MQA NAVIA S.L.U., CIF B27794791, a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución da concesión de servizo público con obra para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12.242-333) , declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021 con efectos desde o 27 de xaneiro ata o 26 de febreiro dese ano, por importe de 85.565 euros, conforme ao previsto no artigo 220 do TRLCSP.

2º.- Imputar o citado gasto á aplicación orzamentaria 3410.226.99.00 “Outras actuación e imprevistos”.

3º.- Notificar este acordo ao interesado”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(896).- INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DOS CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO CON EXECUCIÓN DE OBRA DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO-II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B. EXPTE. 6724/241.

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 01/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, do Presidente da Xunta de Galicia



Concello de Vigo

- Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 23 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou adxudicar a sociedade concesionaria que constitúan as empresas Gaia G.D., S.L. (50 % de participación) - Movex Vial, S.L. (50% de participación) o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO II e na praza central do polígono I do PERI II A FLORIDA B (expediente 6.078-333). En data 15 de xuño de 2007 formalizouse o contrato que nos ocupa coa sociedade AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.

Segundo.- En data 24 de abril de 2020 a XGL acordou, entre outros extremos, o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade de execución da concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (6.078-333), adxudicado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., consonte ó previsto nos pregos que rexen este contrato, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2006, desde o 14 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

2º.- Manter das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT aquelas necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo informadas favorablemente polo responsable do contrato segundo o disposto no fundamento xurídico III deste informe (...).”

Terceiro.- En data 7 de maio de 2020, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento nº 200055324) escrito de solicitude de reequilibrio da concesión de que é titular o seu representado, como consecuencia da imposibilidade de executar o contrato durante o estado de alarma, de acordo co establecido no artigo 34.4 do RD-L 8/2020, para os meses de marzo e abril de 2020. Esta solicitude se lle deu o número de expediente 583-441. Sobre esta solicitude constan no citado expediente informes do xefe do servizo de Deportes e do xefe da área de Inversións de 5 de xuño de 2020 e 25 de xuño de 2020).

Cuarto.- En data 11 de xuño a XGL, a solicitude do concesionario, acordou *“Comunicar ao concesionario o fin da suspensión da execución do contrato de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II a Florida B (expediente 6.078-333) procedendo á reanudación do contrato o venres 12 de xuño de 2020”*.

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 10 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Reequilibrar a concesión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020.

2º.- A concesión reequilibrábase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., por un importe de 502.940,92 euros que aboarse en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 3410 2269902”.

Sexto.- En data 4 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou:

“1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

(...)

a) Concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (expediente nº 6.078-333), adxudicado a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.”

Sétimo.- En data 5 de marzo de 2021, a XGL acordou:

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:



Concello de Vigo

- (...)
- *Concesión de servizo público de CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II A FLORIDA B (expediente nº 6.078-333).*

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Oitavo.- O 19 de xaneiro de 2022, D. Celso Manuel Piñeiro Malvar, en nome e representación de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA S.A.U., mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do seu contrato, de acordo co establecido no artigo artículo 102 da TRLCAP, entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021.

Xunto coa solicitude de indemnización acompaña documentación acreditativa da indemnización solicitada.

Noveno.- O responsable do contrato emite informes sobre a solicitude que nos ocupa en datas 11 de abril e 17 de xuño de 2022.

Décimo.- En data 17 de xuño de 2022 o servizo xestor emite dilixencia indicando a aplicación orzamentaria de aplicación se procedese o abono de indemnización pola suspensión do contrato.

Undécimo.- En data 19 de agosto de 2022, a xefa do servizo de Contratación formula proposta de indemnización dos danos e perdas ao concesionario ocasionados como consecuencia da suspensión da execución da concesión desde o 27 de xaneiro ata o 26 de febreiro de 2021. Da mesma se da traslado ao concesionario no mesmo día, concedéndolle trámite de audiencia.

Duodécimo.- En data 30 de agosto de 2022, durante o trámite de audiencia, o concesionario manifesta a súa conformidade coa proposta referida no antecedente anterior.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato de xestión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión de data 23 de maio de 2007, á sociedade concesionaria que constituirían as empresas Gaia G.D., S.L. (50 % de participación) - Movex Vial, S.L. (50% de participación), pode cualificarse como contrato de xestión

de servizo público. O contrato formalizouse o 15 de xuño de 2007 coa sociedade AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais. Tamén lle serán de aplicación os preceptos establecidos na LCAP para o contrato de concesión de obras públicas (título V do libro II), por imperativo do artigo 158.2 LCAP, por comprender tamén a execución de obras.

-II-

RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DO CONTRATO

A suspensión dun contrato administrativo é un mecanismo previsto na lei para o suposto da existencia de imprevistos ou de circunstancias que impiden a normal execución do mesmo. Afecta ó prazo de execución do contrato, que se interrompe mentres existan impedimentos que obstaculicen o seu cumprimento.

Como contrapartida o contratista terá dereito a indemnización dos danos e prexuízos efectivamente sufridos durante o período de suspensión, sempre e cando os acredite.

Establece ao respecto o artigo 102 da TRLCAP que se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 99 (suspensión do contratista por demora da Administración no pago do prezo do contrato superior a catro meses), estenderase un acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada la suspensión, a Administración abonará ao contratista os danos e perdas efectivamente sufridos (102.2 da TRLCAP).

O PCAP que rexe a presente concesión non regula a suspensión.



Concello de Vigo

-III-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PREXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DO CONTRATO

O artigo 102 do TRLCAP prevé que só se indemnizarán os períodos de suspensión que estiveran documentados na correspondente acta. O contratista poderá pedir que se estenda dita acta. Se a Administración non responde a esta solicitude entenderase, agás proba en contrario, que se iniciou a suspensión na data sinalada polo contratista na súa solicitude.

O dereito a reclamar prescribe nun ano contado desde que o contratista reciba a orde de reanudar a execución do contrato.

No caso que nos ocupa o propio acordo de suspensión da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021 recolle as circunstancias que motivaron a suspensión (a Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia) así como o seu alcance. Suspende a execución do contrato coa única excepción de:

“[...] agás aquelas das prestacións previstas na cláusula 3 do PPT necesarias para garantir un adecuado mantemento das instalacións e para evitar prexuízos á hora de reanudar o servizo”.

E contempla a data dos efectos da suspensión, 27 de xaneiro de 2021, polo que se cumpren os requisitos esixidos polo artigo 102 do TRLCAP aínda que non se estendese a correspondente acta.

A empresa concesionaria solicita unha indemnización de 194.296 euros en concepto dos danos e prexuízos sufridos durante o período de suspensión, do 27 de xaneiro e o 26 de febreiro. Indica o concesionario en xustificación da mesma que:

“Durante el periodo comprendido entre el 27 de enero 2021 y 26 de febrero de 2021, la sociedad concesionaria no percibió ningún ingreso ni retribución derivada del desarrollo de su única actividad consistente en la ejecución del contrato. Aun así, durante dicho periodo de cierre, la sociedad concesionaria siguió realizando las acciones indispensables para mantener las instalaciones y la actividad del Complejo deportivo y sus usuarios en condiciones aptas para la fecha de reanudación del servicio público, con el alcance puesto de manifestó ante el Concello. Estas acciones, que son muestra inequívoca de la voluntad de cumplimiento de las exigencias y obligaciones que le corresponden como concesionario, llevan aparejados sus correspondientes costes operativos con los gastos salariales de los trabajadores que fueron asumidos por la sociedad concesionaria pese a no tener ingresos. Además, durante este periodo de completa suspensión de la actividad en las instalaciones e inexistencia de ingresos, la sociedad concesionaria ha teniendo que hacer frente a los pagos financieros que resultan de su objeto y al pago de la deuda de la inversión realizada en el marco del contrato”.

Para determinar a indemnización realiza unha comparativa entre os ingresos e custes de explotación do mesmo período do ano anterior e os reais do período da suspensión. Axunta a solicitude xustificación documental dos ingresos e custes, así como un informe emitido por LMN LUCA AUDITORES que certifica a veracidade da información achegada con arranxo aos datos das contas auditadas.

Informa ao respecto o responsable do contrato, en data 17 de xuño de 2022, o seguinte:

“II.- Solicitude de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados polo período de suspensión do contrato entre o 27/01/2021 e o 26 de febreiro de 2021.

Con data 19 de xaneiro a mercantil AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU (A36683019) presenta “solicitude de de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados polo período de suspensión do contrato entre o 27/01/2021 e o 26 de febreiro de 2021”, indicando que en consecuencia dos acordos da XGL de data 04/02/2021 e de 05/03/2021, durante o período comprendido entre o 27 de xaneiro de 2021 e o 26 de febreiro de 2021, as instalacións dos Complexos deportivos AQA FLORIDA e AQA BARREIRO estiveron totalmente cerradas ao uso público sen que a sociedade concesionaria puidese desenvolver a actividade obxecto del contrato.

Así mesmo na súa solicitude indica:

“Durante o período comprendido entre o 27 de xaneiro de 2021 e o 26 de febreiro de 2021, a empresa concesionaria non percibiu ningún ingreso nin retribución derivada do desenvolvemento da súa única actividade consistente na execución do contrato.

Aínda así, durante o dito período de peche, a empresa concesionaria continuou realizando as actuacións imprescindibles para manter as instalacións e a actividade do Complexo Deportivo e dos seus usuarios en condicións idóneas para a data de reinicio do servizo público, co alcance sinalado ante do Concello. Estas actuacións, que son unha sinal inequívoco da vontade de cumprir coas esixencias e obrigas que lle corresponden como concesionaria, e supoñen os seus correspondentes gastos de explotación cos gastos salariais dos traballadores que foron asumidos pola empresa concesionaria a pesar de carecer de ingresos.

Ademais, durante este período de suspensión total da actividade nas instalacións e inexistencia de ingresos, a empresa concesionaria tivo que facer fronte aos pagos financeiros que resultan do seu obxecto, e ao pago da deda da inversión realizada no marco do contrato.”

Da documentación presentada pola mercantil AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU, procede identificar os seguintes conceptos:

a.- A documentación presentada ven a xustificar un procedemento para a estimación dos danos e prexuízos causados pola orde de peche da instalación durante o período



Concello de Vigo

do 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021. A estimación económica ven a determinarse a través dun proceso comparativo entre os “ingresos” e “gastos”, comparando estes, entre os datos reais dos meses de xaneiro/febreiro 2021, e xaneiro/febreiro 2020, e aplicando de forma proporcional os mesmos, o número de días de cada mes do peche; (5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%)

b.- Os cálculos realizados por AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU, para determinar o alcance da indemnización correspondese co propio método de calculo realizado para a determinación da indemnización aprobada pola XGL en data 10 de agosto de 2020 (expte 6461/241 sobre o reequilibrio da concesión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020,). Neste expediente a proposta de indemnización foi calculada como o sumatorio do resultado dos ingresos sobre gastos do período de peche en comparación co mesmo período do ano anterior.

c.- Analise dos datos aportados para a xustificación do alcance económico dos INGRESOS e GASTOS, e a determinación do resultado:

c.1.- SOBRE OS INGRESOS: Presenta un análise detallada para o calculo da perda de ingresos de acordo cos seguintes criterios:

- > Ingresos reais dos meses de xaneiro e febreiro do ano 2020 para a determinación dos ingresos correspondentes o período de peche 5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%).
- > Ingresos reais dos meses de xaneiro e febreiro do ano 2021 para a determinación dos ingresos correspondentes o período de peche 5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%).
- > Na xustificación ven a identificarse como estimación de ingresos previstos para o período de peche do ano 2021 os mesmos ingresos do período 2020.

| | Mes | Periodo de | Ingresos reais | |
|-----------------------|---------|------------|----------------|-----------|
| | | peche | | |
| Ingresos Xaneiro 2020 | 329.204 | 16,12% | 53.068 | |
| Febreiro 2020 | 336.855 | 89,28% | 300.744 | |
| | Mes | Periodo de | Ingresos reais | Ingresos |
| | | peche | | previstos |
| Xaneiro 2021 | 187.619 | 16,12% | 30.244 | 53.068 |
| Febreiro 2021 | - 1.026 | 89,28% | - 916 | 300.744 |

c.2.- SOBRE OS CUSTES: Presenta un análise detallada para o calculo de acordo cos seguintes criterios:

A acreditación dos custos soportados pola empresa concesionaria realízase mediante unha importante documentación anexa, na que se examinan os seguintes parámetros:

Co obxecto de acreditación dos custes, presenta como documentación complementaria una relación de facturas que xustifican os custes indicados nas táboas anteriores (xaneiro 2021 por un importe de 252.500 € e febreiro por un importe de 151.495 €), con todas as facturas xustificativas escaneadas.

O listado das facturas ou documentos contables xustifican o alcance dos custes utilizados para a estimación da indemnización. Coa documentación presentada non se pretende identificar de forma analítica que custes se corresponden de forma directa e específica ao período de peche, senon que se ven a xustificar que custes forman parte dos custes aboados nos meses do período de peche e sobre estes se aplica o porcentaxe correspondente os días de peche de cada mes. Sobre o análise do conxunto dos documentos contables presentados debese indicar as seguintes observacións:

- A documentación presentada denota un alto grado de transparencia e claridade.
- Desprendeuse que unha parte de facturas se corresponden a importes de custes abonados pola concesionaria no período de referencia, e aquelas facturas de custes que se corresponden a subministracións e outros conceptos con lecturas independentes, polo cal estas veñen a identificar custes específicos do período de peche.
- En todo caso, a memoria xustificativa de facturas e documentos contables presentados non teñen por obxecto identificar os custes a indemnizar, senón que tal como se identifica no modelo para a estimación da indemnización, esta documentación ven a acreditar unha comparación sobre os custes dun mesmo período en dous anos diferentes 2021 sobre o 2020, co obxecto de establecer un calculo para a estimación do alcance dos danos e prexuízos producidos pola orde de peche da instalación.
- Procedeuse a solicitar a concesionaria copia dos documentos contables identificados inicialmente como previsión de gasto, e se achega con esta documentación as facturas acreditativas dos mesmos.
- Realízase unha comparación entre os custos soportados na actualidade e os custos da instalación antes da súa apertura coas condicións e limitacións esixidas como consecuencia do Covid, co fin de ofrecer unha imaxe fiel da realidade existente.
- Os custos reais realizados impútanse tendo en conta a redución dos custos laborais como consecuencia da situación de ERTE de parte do persoal.

Resumen dos datos dos custes:

| | Mes | Periodo de peche | Custes reais |
|---------------------|---------|------------------|--------------|
| Custes Xaneiro 2020 | 276.551 | 16,12% | 44.580 |



Concello de Vigo

| | | | | |
|---------------|---------|--------|---------|------------------|
| Febreiro 2020 | 292.972 | 89,28% | 261.565 | |
| | | | | Custes previstos |
| Xaneiro 2021 | 252.500 | 16,12% | 40.703 | 44.580 |
| Febreiro 2021 | 151.495 | 89,28% | 135.255 | 261.565 |

RESUMEN E ESTIMACIÓN RESULTADO DOS INGRESOS E CUSTES DOS PERÍODOS A COMPARAR:

| | 27/31 xaneiro | | 1/25 febreiro | | |
|----------------|------------------|---|---------------|----------|-----------------------------|
| Resultado | Periodo de peche | | | | |
| Ingresos 2020 | 53.068 | | 300.744 | | |
| Custes 2020 | - 44.580 | - | 261.565 | | |
| Resultado | 8.488 | | 39.179 | 47.666 | Beneficio estimado previsto |
| Ingresos reais | 30.244 | - | 916 | | |
| Custes reais | - 40.703 | - | 135.255 | | |
| Resultado | - 10.459 | - | 136.171 | - 46.630 | Resultado real |
| | | | | 194.296 | RESULTADO FINAL CALCULO |

d) XUSTIFICACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

Xúntase a este escrito, informe emitido por LMN LUCA AUDITORES que certifica, de acordo cos datos reais das contas auditadas, a veracidade das informacións e datos que nelas se indican.

e) SOBRE OS CUSTES DE PERSOAL

Xúntase a este documento, como documento no 5, a documentación xustificativa dos seguintes conceptos:

- Relación nominal de traballadores durante o período 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021 (documento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social).
- Relación de cada un dos traballadores coas modificacións derivadas do tipo de ERTE

III.- ANÁLISE DA XUSTIFICACIÓN PRESENTADA EN RELACIÓN O GASTOS REAIS DERIVADOS DA EXPLOTACIÓN:

En relación a este informe e oportuno indicar que o mesmo soamente ten por obxecto analizar a documentación presentada polo concesionario en relación a "solicitude de de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados polo período de

suspensión do contrato entre o 27/01/2021 e o 26 de febreiro de 2021”, e sobre a mesma, a xuízo do técnico que asina este informe na calidade de responsable do contrato debese destacar os seguintes aspectos:

- O peche das instalacións AQA FLORIDA E AQUA BARREIRO, xestionada pola mercantil AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU ao uso público prodúcese no período do 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021. A instalación permanece pechada ao público na súa totalidade.
- AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU, presenta na documentación unha acreditación fidedigna a realidade, identificando de forma detallada unha proposta para a identificación dos custos que soporta a sociedade concesionaria en relación a determinar unha comparación do período de peche entre os anos 2021 (no cal se produce o peche) e o ano 2020 como último de referencia e sobre o cal non se produce os efectos do COVID, aplicando de forma proporcional os mesmos, o número de días de cada mes do peche; (5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%).
- Establécese unha comparación entre os custos soportados coa instalación pechada cos custos que se asumían pola concesionaria coa instalación aberta, co obxecto de ofrecer unha imaxe fiel da realidade existente e posibilite unha comparación, así como a estimación dun cálculo da indemnización.
- En relación os ingresos a concesionaria fai unha comparativa entre os ingresos reais do exercicio anterior para acreditar a contía previsible dos ingresos que se tería obtido no período 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021. Sobre estes identifica a estimación prevista dos ingresos que obtería a empresa concesionaria no período 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021, tomando como referencia os importes que se facturasen no exercicio anterior, coherente cos exercicios anteriores, e finalmente identifica os ingresos reais, obtidos finalmente no período 27 de xaneiro de 2021 e 26 de febreiro de 2021, aplicando de forma proporcional os mesmos, o número de días de cada mes do peche; (5 días de xaneiro = 16,12 % e 25 días de febreiro =89,28%).
- A determinación final do alcance da indemnización solicitada correspóndese co propio método de cálculo realizado para a determinación da indemnización aprobada pola XGL en data 10 de agosto de 2020 (expte 6461/241 sobre o reequilibrio da concesión de servizo público con obra para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro e na Praza Central do Polígono I de PERI-II- 12A Florida BA por mor da imposibilidade da súa execución entre o 14 de marzo e o 11 de xuño de 2020). Neste expediente a proposta de indemnización foi calculada como o sumatorio do resultado dos ingresos sobre gastos do período de peche en comparación co mesmo período do ano anterior.
- Á vista dos datos presentados considerase xustificadas os datos económicos presentados pola mercantil AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU, como base da indemnización solicitada por un importe de 194.296 €, polos danos e



Concello de Vigo

prexuízos durante o período de suspensión do contrato comprendido entre o 27 de xaneiro de 2021 e o 26 de febreiro de 2021.

Polo exposto, considerase que toda a información aportada neste informe, así como na solicitude da mercantil AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU, de data 19 de xaneiro de 2021 é suficiente para que dende esa xefatura, se emita o informe proposta que o seu xuízo considere, sobre a solicitude realizada pola mercantil AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU SLU de indemnización polos danos e prexuízos ocasionados polo período de suspensión do contrato entre o 27/01/2021 e o 26 de febreiro de 2021

Así mesmo unha vez identificado o alcance económico da indemnización de ser procedente a indemnización deberá remitirse o servizo responsable co obxecto de incoar o procedemento correspondente a modificación de crédito necesaria para dotar o crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento”.

É preciso analizar a documentación presentada tanto á vista da lexislación aplicable como da doutrina dos órganos administrativos consultivos e da xurisprudencia. Esta é unánime en esixir os seguintes requisitos:

1. Que os danos efectivamente se deriven da suspensión do contrato.
2. Que os conceptos indemnizables sexan xustificados e acreditados polo contratista, o que implica que achegue os correspondentes medios de proba dos que se deduza con claridade a produción de danos concretos e efectivos, non resultando admisibles a estes efectos simples conxecturas, deducións ou estimacións abstractas con base na documentación contable da empresa.
3. Que da documentación achegada permita deducir o custe destes danos e prexuízos.

Nesta liña, o ditame co Consejo de Estado nº 813/2019, de 21 de novembro de 2019, que dí:

“el derecho invocado por el contratista sobre dicha base legal a cobrar los incrementos de costes directos e indirectos, así como sobre los gastos generales en que ha incurrido por suspensiones y aumento del plazo de ejecución ha de referirse a situaciones en que la Administración hubiera acordado la suspensión del contrato, siempre que la suspensión de los trabajos hubiera tenido lugar por causa imputable a ella y no al contratista. Asimismo, los conceptos indemnizables deberán ser justificados y acreditados por éste, lo que implica la aportación de los correspondientes medios de prueba, a partir de los que quepa razonablemente deducir la producción de un daño concreto y efectivo. (...) La justificación de las causas por las que el contratista formula su pretensión indemnizatoria debe contenerse en el escrito de reclamación presentado al efecto, en el que han de detallarse los hechos y las circunstancias que avalan su pretensión 4 (...) Asimismo, es doctrina de este Consejo que los gastos generales no pueden indemnizarse de forma genérica o mediante porcentaje a tanto alzado, sino que ha de acreditarse su realidad, efectividad e importe, sin que sea dable ni presumir

su existencia ni determinar su importe mediante un porcentaje del presupuesto material de ejecución.”

E a sentenza do Tribunal Supremo nº 4120/2014, de 1 de outubro de 2014, aclara que se entende por danos e prexuízos derivados da suspensión do contrato *“ha de tratarse de daños y perjuicios reales que sean consecuencia de la suspensión acordada administrativamente, sin que basten a tales efectos simples conjeturas, deducciones o estimaciones abstractas con base en la documentación contable de la empresa (...) esto significa que cualquier reclamación deducida por el contratista con esa finalidad tendrá que singularizar los desembolsos efectivamente realizados a causa de la suspensión, y habrá de hacerlo así: primero, describiendo el concreto personal y demás elementos materiales que necesariamente han tenido que quedar adscritos y dedicados en exclusiva a la obra que haya sido objeto de la suspensión; segundo, ofreciendo prueba, con suficientes garantías de objetividad, que demuestre que el personal y los elementos así descritos estuvieron efectivamente adscritos a la obra suspendida y no fueron utilizados en otras obras o actividades distintas de la contratista; y tercero, aportar la documentación que, directamente referidas a tales elementos, ponga de manifiesto el montante de su costo. (...) por aplicación de las reglas de la carga de la prueba incumbe a la contratista probar y justificar debidamente todo lo anterior”* (fundamento xurídico cuarto).

Á vista destes postulados, a xuízo da informante, procede propoñer ao órgano de contratación, o recoñecemento do dereito da empresa concesionaria a ser indemnizada polos gastos que tivo durante a suspensión do contrato, en concepto de danos e prexuízos que lle ocasionou a mesma. No entanto, non é posible indemnizar a suposta perda de ingresos solicitada polo contratista, por canto durante a suspensión do contrato este deixa de producir efectos entre as partes, e o prazo no que permanece en suspenso non se computa aos efectos da súa duración. É preciso que o contratista resulte indemne desta suspensión que se produce por causas que non lle son imputables, pero non ten dereito a que se lle garantan ingresos. Así mesmo, é preciso recordar que a xurisprudencia ten fixado o criterio de que os danos sexan reais e consten acreditados fehacientemente, non sendo admisibles a estes efectos simples conxecturas, deducións ou estimacións abstractas con base na documentación contable da empresa. E a perda de ingresos basease precisamente nunha estimación comparando o período da suspensión co mesmo período do ano inmediatamente anterior ao da suspensión.

En conclusión, procede propoñer ao órgano de contratación que indemne ao contratista na cantidade de 146.629 euros en concepto de danos e prexuízos derivados da suspensión do contrato entre o 27 de xaneiro e o 26 de febreiro de 2021.

A indemnización imputarase, consonte informa o servizo xestor, á aplicación orzamentaria 3410.226.99.00 “Outras actuación e imprevistos”.

-IV-

COMPETENCIA



Concello de Vigo

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1º.- Recoñecer o dereito de AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA SAU, con CIF A36683019, a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución da concesión de servizo público con obra de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO II e na praza central do Polígono I do PERI II A FLORIDA B , declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021 con efectos desde o 27 de xaneiro ata o 26 de febreiro dese ano, por importe de 146.629 euros, conforme ao previsto no artigo 102 do TRLCAP.

2º.- Imputar o citado gasto á aplicación orzamentaria 3410.226.99.00 "Outras actuación e imprevistos".

3º.- Notificar este acordo ao interesado".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(897).- SUBVENCIÓN AO CLUB MARÍTIMO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022". EXPTE. 21707/333.

Visto o informe xurídico do 19/10/22 e o informe de fiscalización do 24/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13.07.2022 a Concellería-delegada de Deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.07 a favor da entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO en relación á organización do evento deportivo "TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022".

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co anterior, a entidade presentou con data 18.07.2022 a documentación esixida coa proposta de celebración do evento deportivo e acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento deste evento deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 19.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 18.07.2022.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:



Concello de Vigo

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración

do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, na partida orzamentaria 3410.480.00.07, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

En relación ao prazo de xustificación da presente subvención, é necesario neste caso, e con carácter excepcional, ampliar o prazo establecido polas bases de execución do orzamento municipal vixente, ata o día 30 de novembro de 2022, por canto o evento deportivo a subvencionar celebrouse no mes de setembro e a data de hoxe está pendente de ser sometido este expediente ao órgano competente para o seu outorgamento. Tal ampliación propónse axustándose ao requisito establecido polo Plan Estratégico Municipal do Concello de Vigo para os anos 2021-2023, que esixe que o prazo que se estableza sexa dentro do exercicio económico e non poña en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio. Entendendo pois que se cumpren ditos requisitos, establécese o prazo de xustificación da presente subvención ata o 30 de novembro de 2022 (incluído).

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor de CLUB MARÍTIMO DE VIGO, CIF: G27780535 pola organización do evento deportivo "TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 €, previsto na partida orzamentaria 3410.480.00.07, a favor da entidade CLUB MARÍTIMO DE VIGO, CIF: G27780535 e enderezo social na rúa AVDA RICARDO MELLA, 143- NAVE 7A (36330), en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.07 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022" (Expediente 21707-333)

I.- O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo **"TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022"**, organizado pola entidade deportiva **CLUB MARÍTIMO DE VIGO**.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e conta cunha ampla promoción da actividade deportiva e o nivel deportivo da competición.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- A entidade deportiva **CLUB MARÍTIMO DE VIGO** organiza o evento **"TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022"** que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O "TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022" se disputa no Concello de Vigo ao longo do mes de setembro.

Nas actividades se configura tanto unha categoría masculina coma unha feminina, promovendo a igualdade e participación da muller no deporte, así como un amplo espectro de participación de tódalas idades (infantís, cadetes, xuvenís, senior e veteráns) de modo transversal. Conta coa participación de mais de 300 palistas de kayak nacionais e tamén estranxeiros así como 150 embarcacións de vela olímpica ILCA e 300 regatistas de España e Portugal.

O evento supón unha importante campaña de difusión dos deportes náuticos e do turismo e actividade comercial na ría de Vigo, de modo que se fomenta a promoción da cidade e do seu entorno natural, así como do desfrute e actividades saudables na natureza. Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

III.- A entidade deportiva **CLUB MARÍTIMO DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade deportiva **CLUB MARÍTIMO DE VIGO** colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organización do evento deportivo "TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022", asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumiu todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantiu a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obtivo todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizouse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitou ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurou nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.



Concello de Vigo

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

13º.- Atender as medidas sanitarias e protocolos de saúde vixentes en relación co Covid-19.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade deportiva CLUB MARÍTIMO DE VIGO unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.07 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo "TORNEO INTERNACIONAL VELA E PIRAGÜISMO CONCELLO DE VIGO 2022". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartellaría, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 30 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.



Concello de Vigo

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 30 de novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de

subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.



Concello de Vigo

7(898).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA. EXPTE.2893/500.

Visto o informe xurídico do 20/10/2022 e o informe de fiscalización do 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/2022, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), modificado polo Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto e polo Real Decreto 716/2019, do 5 de decembro
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (no que non se opoña a á Lei 9/2017)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 4 de marzo
- Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario
- Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 20/04/2022, o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, resolveu iniciar o expediente de contratación dos SERVIZOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada de 20/04/2022 e resolución de orde de inicio do expediente de contratación do Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda da mesma data (trámite 3 do expediente electrónico).
- b) Memoria económica do contrato de data 4 de outubro de 2022, asinada polo Técnico de Administración Especial-Economista, a Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (trámite 77 do expediente electrónico).
- c) Documento contable de retención de crédito de 26/05/2022 - RCFUT1 núm. Operación: 20220055185 por importe de 1.530.000,00€ (trámite 45 do expediente electrónico).
- d) Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas asinada o 25 de abril de 2022 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadoras en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia (trámite 12 do expediente electrónico).
- e) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 12 de maio de 2022, asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada (trámite 19 do expediente electrónico), aprobado pola Comisión de seguimento, vixilancia e control con Convenio de colaboración en materia de xestión catastral suscrito entre a Dirección Xeral do Catastro e o Concello de Vigo o 21 de novembro de 2021, publicado no BOE no 289 de 3 de decembro de 2021 (consta acta 2/2022 da sesión da Comisión de seguimento como trámite 21 do expediente electrónico).
- f) Memoria xustificativa do contrato de data 5 de outubro de 2022, asinada pola Xefa da Inspección de Tributos, a Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada (trámite 79 do expediente electrónico).
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, de data 06/10/2022 (trámite 83 do expediente electrónico).
- h) Pregos de cláusulas administrativas particulares de data 6 de outubro de 2022, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación (trámite 84 do expediente electrónico).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Acordo da Xunta de Goberno Local (texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

Segundo.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan, como esixe o artigo 116, a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 da



Concello de Vigo

LCSP), o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato, así como a demais documentación preceptiva, como así reflicte o informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 06/10/2022 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

O obxecto do contrato consistirá na prestación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos municipais.

Comprende prestacións ás que o Concello está obrigado en virtude do Convenio asinado o 21 de novembro de 2021, (BOE no 289 de 3 de decembro de 2021), outras prestacións complementarias a este aprobadas pola comisión de Seguimento do Convenio con data 10 de xaneiro de 2022, outras que o Concello ten en virtude do disposto no artigo 14 do Texto refundido da lei do Catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto legislativo 1/2004, de 5 de marzo, as tramitacións a que o Concello está obrigado como titular catastral e outros servizos de interese para a xestión tributaria e para as bases de datos espaciais do Concello que se incorporarán á plataforma municipal VCI+.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.b establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e no 22 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto nunha partida específica do orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Consta no expediente documento contable de retención de crédito de 26/05/2022 - RCFUT1 núm. Operación: 20220055185 por importe de 1.530.000,00€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da LRBL, requírese informe preceptivo da Asesoría Xurídica Municipal.

Sétimo.- A competencia para a aprobación do expediente de contratación, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda apartados 4 e 11). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 12 de maio de 2022 (aprobado pola Comisión de seguimento, vixiancia e control con Convenio de colaboración en materia de xestión catastral suscrito entre a Dirección Xeral do Catastro e o Concello de Vigo o 21 de novembro de 2021, publicado no BOE no 289 de 3 de decembro de 2021), que rexerá a contratación do SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 6 de outubro de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto de 1.530.000,00€ (que inclúe un IVE de 265.537,20€) para a contratación do SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIA E EDIFICATORIA, con cargo á aplicación orzamentaria 9320.2279902, segundo o seguinte detalle:

| EXERCICIO | IMPORTE CON IVE | DISTRIBUCION POR LOTES |
|-----------|-----------------|------------------------|
| 2023 | 255.000 euros | LOTE A: 127.500 euros |
| | | LOTE B: 127.500 euros |
| 2024 | 510.000 euros | LOTE A: 255.000 euros |
| | | LOTE B: 255.000 euros |
| 2025 | 510.000 euros | LOTE A: 255.000 euros |
| | | LOTE B: 255.000 euros |
| 2026 | 255.000 euros | LOTE A: 127.500 euros |
| | | LOTE B: 127.500 euros |



Concello de Vigo

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(899).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASOLÉO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE SANITARIA (AQS) NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E NAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 26213/332.

Visto o informe xurídico do 17/10/2022 e o informe de fiscalización do 19/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 07/10/2022, asinada pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 1 de setembro de 2022, o concelleiro delegado da Área de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (AQS) das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinada pola xefa do Servizo de Educación, de data 01/09/2022.
- Resolución do concelleiro delegado de Educación de data 01/09/2022 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT), de data 19/09/2022, asinado pola enxeñeira técnica industrial e pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración das redactoras do PPT, de data 19/09/2022.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro de Educación e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, asinada o 22/09/2022.
- Documento contable RCFUT 202200097281, por importes de 88.556,14 euros, de data 23/09/2022.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro de Educación o 05/10/2022.
- Informe de data 06/10/2022 asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 06/10/2022, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (AQS), con entrega pública en domicilio, das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (nove centros en total).

Duración: A duración do contrato será de dous anos, existindo a posibilidade de ser prorrogado tres veces, cada prórroga de un ano de duración.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 44.278,07 euros (36.593,45 €, máis 7.684,62 € de IVE a soportar pola administración), polo que o prezo do contrato é de 88.556,14 € (73.186,89 € máis 15.369,25 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230.221.0300 “Combustibles e carburantes”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 19/09/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 06/10/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 88.556,14 euros (73.186,89 euros máis 15.369,25 euros en concepto de IVE a soportar pola administración) para a contratación da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.221.0300 “Combustibles e carburantes”, que se dividirá nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2023 (de febreiro a decembro): 40.588,23 euros;
- Anualidade 2024 (de xaneiro a decembro): 44.278,07 euros
- Anualidade 2025 (xaneiro): 3.689,84 euros.



Concello de Vigo

O valor estimado do contrato estipúlase en 190.285,92 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(900).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"- 2022. EXPTE. 4372/330.

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/10/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a letrada-xefa de Asesoramento, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 16 de marzo do 2022, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" en réxime de concorrencia competitiva, exercicio 2022

Con data 26 de maio do 2022 a Xunta de Goberno Local aproba as bases reguladoras, convocatoria e extracto das ditas subvencións. A cantidade destinada a esta convocatoria ascende a 500.000 € con cargo a partida 3331.470.00.02 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

O día 1 de xuño do 2022 publicáronse no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións, estipulándose un prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO (6 de xuño do 2022); por tanto iniciouse o día 7 de xuño e rematou o día 4 de xullo, ambos os dous incluídos.

Durante o dito prazo presentáronse as seguintes solicitudes para as actividades que se detallan no seguinte cadro:

| EXPEDIENTE NÚMERO | SOLICITANTE | ACTIVIDADE | IMPORTE SOLICITADO |
|--------------------------|----------------------|----------------------------------|---------------------------|
| 4526/330 | REDARES TRADING S.L. | OSCAR D´LEÓN | 22.375,00 € |
| | REDARES TRADING S.L. | EL GRAN HOTEL DE LAS REINAS 7.10 | 17.400,00 € |
| | REDARES TRADING S.L. | EL GRAN HOTEL DE LAS REINAS 8.10 | 17.250,00 € |

| EXPEDIENTE NÚMERO | SOLICITANTE | ACTIVIDADE | IMPORTE SOLICITADO |
|-------------------|-------------------------------------|---|---------------------|
| | REDARES TRADING S.L. | OBUS Y BARÓN ROJO (FESTIVAL ROCK MAR DE VIGO) | 18.625,00 € |
| | REDARES TRADING S.L. | LES LUTHIERS 21.10 | 23.825,00 € |
| | REDARES TRADING S.L. | LES LUTHIERS 22.10 | 24.825,00 € |
| | REDARES TRADING S.L. | LES LUTHIERS 23.10 | 23.925,00 € |
| | | | 148.225,00 € |
| 4530/330 | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | GHOST, EL MUSICAL | 108.963,76 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | ALBERT PLÁ "MIEDO" | 8.295,00 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | QUIQUE GONZÁLEZ | 12.027,56 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | DIGITALISM DJ SET + MWËS-LEE | 11.501,32 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | MAGO DE OZ+ LOS MOTORES | 17.703,57 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | LADILLA RUSA | 8.912,76 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | XISCO FEJOO "PEIXE" | 8.540,40 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | ÁNGELSTANICH | 8.801,28 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | SOLEÁ MORENTE Y DANI | 6.250,00 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | LA ZOWI | 5.750,00 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | LILA DOWNS + SÉS | 17.500,00 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | ORTIGAY GRANDE AMORE | 5.000,00 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | ANNI B. SWEET | 5.250,00 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | A BANDA DA LOBA | 2.750,00 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | DELAFÉ Y LAS FLORES AZULES | 10.000,00 € |
| | CENTRO GLOBAL ARDILIA S.L. | SALVADOR SOBRAL | 6.750,00 € |
| | | | 243.995,65 € |
| 4508/330 | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | EL GRAN HOTEL DE LAS REINAS 6.11 | 14.551,00 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | EL GRAN HOTEL DE LAS REINAS 7.11 | 16.488,90 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | MADAMA BUTTERFLY | 11.814,50 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | LOS ZIGARROS | 4.942,81 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | LOVE OF LESBIAN | 21.625,44 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | DULCE PONTES | 11.824,54 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | BALLET EL CASCANUECES | 11.666,05 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ALABAMA GOSPEL | 3.053,48 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | MUSICAL PICA PICA | 4.165,50 € |



Concello de Vigo

| EXPEDIENTE NÚMERO | SOLICITANTE | ACTIVIDADE | IMPORTE SOLICITADO |
|-------------------|-------------------------------------|------------------------------|---------------------|
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | GRAN CONCIERTO DE AÑO NUEVO | 9.355,51 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | ANTOINE, EL PRINCIPITO | 11.913,55 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | LA MEJOR MÚSICA DE CINE | 12.336,09 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | BALLET EL LAGO DE LOS CISNES | 14.428,33 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | CARMINA BURANA | 9.823,52 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | LA BELLA DURMIENTE | 11.443,73 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | NACHO VEGAS | 8.815,41 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | MIKEL ERENTXUN | 9.220,43 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | REMEMBER QUEEN | 10.477,11 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | CARLOS LATRE 18.3 | 11.519,28 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | CARLOS LATRE 19.3 | 14.809,41 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | MISS CAFFEINA | 12.426,65 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | NOITES DE RETRANCA | 5.578,60 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | HENS | 7.062,95 € |
| | ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L. | GREAT STRAITS | 4.323,56 € |
| | | | 253.666,35 € |

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas levouse a cabo, segundo o estipulado na base décimo primeira, polo servizo da Área de Cultura, a través desta xefatura, que unha vez revisadas as solicitudes notificou aos/as interesados/as para que, nun prazo de 10 días hábiles, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, e de conformidade co establecido no art. 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia (LSG), conséntase que da información presentada todos os solicitantes cumpren cos requisitos para ser beneficiarios da subvención.

Conforme a cláusula décima das bases da convocatoria, á Comisión de Avaliación o 6 de outubro do 2022 avalía as solicitudes presentadas segundo os criterios estipulados na base décima, co seguinte resultado:

| SOLICITANTE | ACTIVIDADE | VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCI- ERA ATA 15 PUN- TOS | TRAXECTORIA DA ENTIDADE ATA 25 PUNTOS | VOLUME DE GASTOS DA AC- TIVIDADE ATA 40 PUNTOS | PREZO DA EN- TRADA ATA 20 PUN- TOS | PUNTUACIÓN POR ACTIVIDADE 1 PUNTO=177,49 € |
|------------------------------------|--|---|---|---|---|---|
| REDARES TRADING S.L. | OSCAR D´LEÓN | 5 | 25 | 40 | 5 | 75 |
| REDARES TRADING S.L. | EL GRAN HOTEL DE LAS REINAS 7.10 | 5 | 25 | 40 | 5 | 75 |
| REDARES TRADING S.L. | EL GRAN HOTEL DE LAS REINAS 8.10 | 5 | 25 | 40 | 5 | 75 |
| REDARES TRADING S.L. | OBUS Y BARÓN ROJO (FESTIVAL ROCK MAR DE VIGO) | 5 | 25 | 40 | 7 | 77 |
| REDARES TRADING S.L. | LES LUTHIERS 21.10 | 5 | 25 | 40 | 5 | 75 |
| REDARES TRADING S.L. | LES LUTHIERS 22.10 | 5 | 25 | 40 | 5 | 75 |
| REDARES TRADING S.L. | LES LUTHIERS 23.10 | 5 | 25 | 40 | 5 | 75 |
| | | | | | TOTAL PUN- TOS REDARES | 527 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | GHOST, EL MUSI- CAL | 5 | 20 | 40 | 5 | 70 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | ALBERT PLÁ "MIE- DO" | 5 | 20 | 25 | 10 | 60 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | QUIQUE GONZÁ- LEZ | 5 | 20 | 30 | 5 | 60 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | DIGITALISM DJ SET + MWÉSLEE | 5 | 20 | 30 | 7 | 62 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | MAGO DE OZ+ LOS MOTORES | 5 | 20 | 40 | 5 | 70 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | LADILLA RUSA | 5 | 20 | 25 | 5 | 55 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | XISCO FEIJOO "PEIXE" | 5 | 20 | 25 | 7 | 57 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | ÁNGELSTANICH | 5 | 20 | 25 | 5 | 55 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | SOLEÁ MORENTE Y DANI | 5 | 20 | 15 | 5 | 45 |



Concello de Vigo

| SOLICITANTE | ACTIVIDADE | VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCI- ERA ATA 15 PUN- TOS | TRAXECTORIA DA ENTIDADE ATA 25 PUNTOS | VOLUME DE GASTOS DA AC- TIVIDADE ATA 40 PUNTOS | PREZO DA EN- TRADA ATA 20 PUN- TOS | PUNTUACIÓN POR ACTIVIDADE 1 PUNTO=177,49 € |
|--|--|---|---|---|---|---|
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | LA ZOWI | 5 | 20 | 15 | 10 | 50 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | LILA DOWNS + SÉS | 5 | 20 | 40 | 5 | 70 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | ORTIGAY GRANDE AMORE | 5 | 20 | 15 | 10 | 50 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | ANNI B. SWEET | 5 | 20 | 15 | 5 | 45 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | A BANDA DA LOBA | 5 | 20 | 10 | 10 | 45 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | DELAFÉ Y LAS FLORES AZULES | 5 | 20 | 25 | 5 | 55 |
| CENTRO GLOBAL AR- DILIA S.L. | SALVADOR SO- BRAL | 5 | 20 | 15 | 7 | 47 |
| | | | | | TOTAL PUN- TOS ARDILIA | 896 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | EL GRAN HOTEL DE LAS REINAS 6.11 | 5 | 20 | 30 | 5 | 60 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | EL GRAN HOTEL DE LAS REINAS 7.11 | 5 | 20 | 40 | 5 | 70 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | MADAMA BUTTER- FLY | 5 | 20 | 30 | 5 | 60 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | LOS ZIGARROS | 5 | 20 | 15 | 10 | 50 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | LOVE OF LESBIAN | 5 | 20 | 40 | 5 | 70 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | DULCE PONTES | 5 | 20 | 30 | 5 | 60 |

| SOLICITANTE | ACTIVIDADE | VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCIERA ATA 15 PUN- TOS | TRAXECTORIA DA ENTIDADE ATA 25 PUNTOS | VOLUME DE GASTOS DA AC- TIVIDADE ATA 40 PUNTOS | PREZO DA EN- TRADA ATA 20 PUN- TOS | PUNTUACIÓN POR ACTIVIDADE 1 PUNTO=177,49 € |
|--|---------------------------------|--|---|---|---|---|
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | BALLET EL CAS- CANUECES | 5 | 20 | 30 | 7 | 62 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | ALABAMA GOSPEL | 5 | 20 | 10 | 10 | 45 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | MUSICAL PICA PICA | 5 | 20 | 10 | 15 | 50 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | GRAN CONCIERTO DE AÑO NUEVO | 5 | 20 | 25 | 7 | 57 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | ANTOINE, EL PRINCIPITO | 5 | 20 | 30 | 7 | 62 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | LA MEJOR MÚSICA DE CINE | 5 | 20 | 30 | 7 | 62 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | BALLET EL LAGO DE LOS CISNES | 5 | 20 | 30 | 7 | 62 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | CARMINA BURANA | 5 | 20 | 25 | 7 | 57 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | LA BELLA DUR- MIENTE | 5 | 20 | 30 | 7 | 62 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | NACHO VEGAS | 5 | 20 | 25 | 7 | 57 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | MIKEL ERENTXUN | 5 | 20 | 25 | 10 | 60 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | REMEMBER QUEEN | 5 | 20 | 30 | 7 | 62 |



Concello de Vigo

| SOLICITANTE | ACTIVIDADE | VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCI- EIRA ATA 15 PUN- TOS | TRAXECTORIA DA ENTIDADE ATA 25 PUNTOS | VOLUME DE GASTOS DA AC- TIVIDADE ATA 40 PUNTOS | PREZO DA EN- TRADA ATA 20 PUN- TOS | PUNTUACIÓN POR ACTIVIDADE 1 PUNTO=177,49 € |
|--|-------------------------|--|---|---|---|---|
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | CARLOS LATRE 18.3 | 5 | 20 | 30 | 5 | 60 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | CARLOS LATRE 19.3 | 5 | 20 | 30 | 5 | 60 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | MISS CAFFEINA | 5 | 20 | 30 | 7 | 62 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | NOITES DE RE- TRANCA | 5 | 20 | 15 | 15 | 55 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | HENS | 5 | 20 | 15 | 7 | 47 |
| ORGANIZA- CIÓN DE IDEAS DE ÉXI- TO S.L. | GREAT STRAITS | 5 | 20 | 10 | 7 | 42 |
| | | | | | TOTAL PUN- TOS OIDE | 1394 |
| | | | | | PUNTOS TO- TALES | 2817 |

A proposta da concesión da subvención axústase as condicións de exención en materia de axudas á cultura establecidas polo Regulamento 651/2014, da Comisión polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación do artigo 107 e 108 do Tratado da Unión Europea (artigo 53).

Tal e como se recolle na base décimo cuarta da convocatoria, establece-se como prazo límite para a xustificación o 10 de novembro do 2022.

Conforme o artigo 7.4 da LSG, a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que a teñan atribuída na súa normativa específica, correspondendo á Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima segunda, apartado 4, das bases, previo informe da Intervención Municipal, e coa conformidade xurídica da letrada-

xefa de asesoramento e dos concelleiros-delegados da Área de Cultura e de Orzamentos e Facenda, se emite a seguinte:

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a favor das entidades e proxectos que se relacionan e polas contías que se detallan, segundo acta de avaliación do 6 de outubro do 2022, así como dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polos importes das ditas axudas que ascenden á cantidade total de 428.525,01 € (CATROCENTOS VINTEOITO MIL CINCOCENTOS VINTE CINCO EUROS CON UN CÉNTIMO), con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

| ACTIVIDADE | PUNTA- CIÓN POR ACTIVIDA- DE 1 PUN- TO=177,49 € | ORZAMEN- TO DA ACTI- VIDADE | IMPORTE SOLICITADO | 50% DO OR- ZAMENTO | IMPORTE DE CONCE- SIÓN SE- GÚN PUN- TUACIÓNS | IMPORTE DE CONCE- SIÓN EXCE- SO SOBRE EL 50% OR- ZAMENTO | REDUC- CION PRO- PORCIONAL Á ENTIDADE POR EXCE- DER DO IM- PORTE DE 200.000 (924,90 POR ACTIVIDA- DE) | IMPORTE DEFINITIVO DE CONCE- SIÓN |
|--|--|-----------------------------------|-----------------------|-----------------------|--|---|---|--|
| OSCAR D´LEÓN | 75 | 44.750,00 € | 22.375,00 € | 22.375,00 € | 13.311,75 € | 13.311,75 € | 0,00 € | 13.311,75 € |
| EL GRAN HO- TEL DE LAS REINAS 7.10 | 75 | 34.800,00 € | 17.400,00 € | 17.400,00 € | 13.311,75 € | 13.311,75 € | 0,00 € | 13.311,75 € |
| EL GRAN HO- TEL DE LAS REINAS 8.10 | 75 | 34.500,00 € | 17.250,00 € | 17.250,00 € | 13.311,75 € | 13.311,75 € | 0,00 € | 13.311,75 € |
| OBUS Y BARÓN ROJO (FESTI- VAL ROCK MAR DE VIGO) | 77 | 37.250,00 € | 18.625,00 € | 18.625,00 € | 13.666,73 € | 13.666,73 € | 0,00 € | 13.666,73 € |
| LES LUTHIERS 21.10 | 75 | 47.650,00 € | 23.825,00 € | 23.825,00 € | 13.311,75 € | 13.311,75 € | 0,00 € | 13.311,75 € |
| LES LUTHIERS 22.10 | 75 | 49.650,00 € | 24.825,00 € | 24.825,00 € | 13.311,75 € | 13.311,75 € | 0,00 € | 13.311,75 € |
| LES LUTHIERS 23.10 | 75 | 47.850,00 € | 23.925,00 € | 23.925,00 € | 13.311,75 € | 13.311,75 € | 0,00 € | 13.311,75 € |
| | 527 | | 148.225,00 € | 148.225,00 € | 93.537,23 € | 93.537,23 € | | 93.537,23 € |



Concello de Vigo

| ACTIVIDADE | PUNTUACIÓN POR ACTIVIDADE 1 PUNTO=177,49 € | ORZAMENTO DA ACTIVIDADE | IMPORTE SOLICITADO | 50% DO ORZAMENTO | IMPORTE DE CONCESIÓN SEGÚN PUNTUACIÓNS | IMPORTE DE CONCESIÓN EXCESO SOBRE EL 50% ORZAMENTO | REDUCIÓN PROPORCIONAL Á ENTIDADE POR EXCESO DO IMPORTE DE 200.000 (924,90 POR ACTIVIDADE) | IMPORTE DEFINITIVO DE CONCESIÓN |
|------------------------------|--|-------------------------|--------------------|------------------|--|--|---|---------------------------------|
| GHOST, EL MUSICAL | 70 | 217.927,52 € | 108.963,76 € | 108.963,76 € | 12.424,30 € | 12.424,30 € | 0,00 € | 12.424,30 € |
| ALBERT PLÁ "MIEDO" | 60 | 16.590,00 € | 8.295,00 € | 8.295,00 € | 10.649,40 € | 8.295,00 € | 0,00 € | 8.295,00 € |
| QUIQUE GONZÁLEZ | 60 | 24.055,12 € | 12.027,56 € | 12.027,56 € | 10.649,40 € | 10.649,40 € | 0,00 € | 10.649,40 € |
| DIGITALISM DJ SET + MWÉS-LEE | 62 | 23.002,64 € | 11.501,32 € | 11.501,32 € | 11.004,38 € | 11.004,38 € | 0,00 € | 11.004,38 € |
| MAGO DE OZ+ LOS MOTORES | 70 | 35.323,14 € | 17.703,57 € | 17.661,57 € | 12.424,30 € | 12.424,30 € | 0,00 € | 12.424,30 € |
| LADILLA RUSA | 55 | 17.824,94 € | 8.912,76 € | 8.912,47 € | 9.761,95 € | 8.912,47 € | 0,00 € | 8.912,47 € |
| XISCO FEIJOO "PEIXE" | 57 | 17.080,80 € | 8.540,40 € | 8.540,40 € | 10.116,93 € | 8.540,40 € | 0,00 € | 8.540,40 € |
| ÁNGELSTANICH | 55 | 17.602,56 € | 8.801,28 € | 8.801,28 € | 9.761,95 € | 8.801,28 € | 0,00 € | 8.801,28 € |
| SOLEÁ MORENTE Y DANI | 45 | 12.500,00 € | 6.250,00 € | 6.250,00 € | 7.987,05 € | 6.250,00 € | 0,00 € | 6.250,00 € |
| LA ZOWI | 50 | 11.500,00 € | 5.750,00 € | 5.750,00 € | 8.874,50 € | 5.750,00 € | 0,00 € | 5.750,00 € |
| LILA DOWNS + SÉS | 70 | 35.000,00 € | 17.500,00 € | 17.500,00 € | 12.424,30 € | 12.424,30 € | 0,00 € | 12.424,30 € |
| ORTIGAY GRANDE AMORE | 50 | 10.000,00 € | 5.000,00 € | 5.000,00 € | 8.874,50 € | 5.000,00 € | 0,00 € | 5.000,00 € |
| ANNI B. SWEET | 45 | 10.500,00 € | 5.250,00 € | 5.250,00 € | 7.987,05 € | 5.250,00 € | 0,00 € | 5.250,00 € |
| A BANDA DA LOBA | 45 | 5.500,00 € | 2.750,00 € | 2.750,00 € | 7.987,05 € | 2.750,00 € | 0,00 € | 2.750,00 € |

| ACTIVIDADE | PUNTUA- CIÓN POR ACTIVIDA- DE 1 PUN- TO=177,49 € | ORZAMEN- TO DA ACTI- VIDADE | IMPORTE SOLICITADO | 50% DO OR- ZAMENTO | IMPORTE DE CONCE- SIÓN SE- GÚN PUN- TUACIÓNS | IMPORTE DE CONCE- SIÓN EXCE- SO SOBRE EL 50% OR- ZAMENTO | REDUC- CIÓN PRO- PORCIONAL Á ENTIDADE POR EXCE- DER DO IM- PORTE DE 200.000 (924,90 POR ACTIVIDA- DE) | IMPORTE DEFINITIVO DE CONCE- SIÓN |
|--|---|-----------------------------------|-----------------------|-----------------------|--|---|---|--|
| DELAFÉ Y LAS FLORES AZU- LES | 55 | 20.000,00 € | 10.000,00 € | 10.000,00 € | 9.761,95 € | 9.761,95 € | 0,00 € | 9.761,95 € |
| SALVADOR SO- BRAL | 47 | 13.500,00 € | 6.750,00 € | 6.750,00 € | 8.342,03 € | 6.750,00 € | 0,00 € | 6.750,00 € |
| | 896 | | 243.995,65 € | 243.953,36 € | 159.031,04 € | 134.987,78 € | | 134.987,78 € |
| EL GRAN HO- TEL DE LAS REINAS 6.11 | 60 | 29.102,00 € | 14.551,00 € | 14.551,00 € | 10.649,40 € | 10.649,40 € | 9.776,87 € | 9.776,87 € |
| EL GRAN HO- TEL DE LAS REINAS 7.11 | 70 | 32.977,80 € | 16.488,90 € | 16.488,90 € | 12.424,30 € | 12.424,30 € | 11.551,77 € | 11.551,77 € |
| MADAMA BU- TTERFLY | 60 | 23.629,00 € | 11.814,50 € | 11.814,50 € | 10.649,40 € | 10.649,40 € | 9.776,87 € | 9.776,87 € |
| LOS ZIGARROS | 50 | 9.885,62 € | 4.942,81 € | 4.942,81 € | 8.874,50 € | 4.942,81 € | 4.070,28 € | 4.070,28 € |
| LOVE OF LES- BIAN | 70 | 43.250,88 € | 21.625,44 € | 21.625,44 € | 12.424,30 € | 12.424,30 € | 11.551,77 € | 11.551,77 € |
| DULCE PON- TES | 60 | 23.649,08 € | 11.824,54 € | 11.824,54 € | 10.649,40 € | 10.649,40 € | 9.776,87 € | 9.776,87 € |
| BALLET EL CASCANUECES | 62 | 23.332,08 € | 11.666,05 € | 11.666,04 € | 11.004,38 € | 11.004,38 € | 10.131,85 € | 10.131,85 € |
| ALABAMA GOS- PEL | 45 | 6.106,94 € | 3.053,48 € | 3.053,47 € | 7.987,05 € | 3.053,47 € | 2.180,94 € | 2.180,94 € |
| MUSICAL PICA PICA | 50 | 8.331,00 € | 4.165,50 € | 4.165,50 € | 8.874,50 € | 4.165,50 € | 3.292,97 € | 3.292,97 € |
| GRAN CON- CIERTO DE AÑO NUEVO | 57 | 18.711,02 € | 9.355,51 € | 9.355,51 € | 10.116,93 € | 9.355,51 € | 8.482,98 € | 8.482,98 € |



Concello de Vigo

| ACTIVIDADE | PUNTUACIÓN POR ACTIVIDADE 1 PUNTO=177,49 € | ORZAMENTO DA ACTIVIDADE | IMPORTE SOLICITADO | 50% DO ORZAMENTO | IMPORTE DE CONCESIÓN SEGÚN PUNTUACIÓNS | IMPORTE DE CONCESIÓN EXCESO SOBRE EL 50% ORZAMENTO | REDUCIÓN PROPORCIONAL Á ENTIDADE POR EXCESO DO IMPORTE DE 200.000 (924,90 POR ACTIVIDADE) | IMPORTE DEFINITIVO DE CONCESIÓN |
|------------------------------|--|-------------------------|--------------------|------------------|--|--|---|---------------------------------|
| ANTOINE, EL PRINCIPITO | 62 | 23.827,10 € | 11.913,55 € | 11.913,55 € | 11.004,38 € | 11.004,38 € | 10.131,85 € | 10.131,85 € |
| LA MEJOR MÚSICA DE CINE | 62 | 24.672,18 € | 12.336,09 € | 12.336,09 € | 11.004,38 € | 11.004,38 € | 10.131,85 € | 10.131,85 € |
| BALLET EL LAGO DE LOS CISNES | 62 | 28.856,66 € | 14.428,33 € | 14.428,33 € | 11.004,38 € | 11.004,38 € | 10.131,85 € | 10.131,85 € |
| CARMINA BURANA | 57 | 19.647,04 € | 9.823,52 € | 9.823,52 € | 10.116,93 € | 9.823,52 € | 8.950,99 € | 8.950,99 € |
| LA BELLA DURMIENTE | 62 | 22.887,44 € | 11.443,73 € | 11.443,72 € | 11.004,38 € | 11.004,38 € | 10.131,85 € | 10.131,85 € |
| NACHO VEGAS | 57 | 17.630,80 € | 8.815,41 € | 8.815,40 € | 10.116,93 € | 8.815,40 € | 7.942,87 € | 7.942,87 € |
| MIKEL EREN-TXUN | 60 | 18.440,86 € | 9.220,43 € | 9.220,43 € | 10.649,40 € | 9.220,43 € | 8.347,90 € | 8.347,90 € |
| REMEMBER QUEEN | 62 | 20.954,20 € | 10.477,11 € | 10.477,10 € | 11.004,38 € | 10.477,10 € | 9.604,57 € | 9.604,57 € |
| CARLOS LATRE 18.3 | 60 | 23.038,54 € | 11.519,28 € | 11.519,27 € | 10.649,40 € | 10.649,40 € | 9.776,87 € | 9.776,87 € |
| CARLOS LATRE 19.3 | 60 | 29.618,82 € | 14.809,41 € | 14.809,41 € | 10.649,40 € | 10.649,40 € | 9.776,87 € | 9.776,87 € |
| MISS CAFFEINA | 62 | 24.853,28 € | 12.426,65 € | 12.426,64 € | 11.004,38 € | 11.004,38 € | 10.131,85 € | 10.131,85 € |
| NOITES DE RE-TRANCA | 55 | 11.157,20 € | 5.578,60 € | 5.578,60 € | 9.761,95 € | 5.578,60 € | 4.706,07 € | 4.706,07 € |
| HENS | 47 | 14.125,90 € | 7.062,95 € | 7.062,95 € | 8.342,03 € | 7.062,95 € | 6.190,42 € | 6.190,42 € |
| GREAT STRAITS | 42 | 8.647,12 € | 4.323,56 € | 4.323,56 € | 7.454,58 € | 4.323,56 € | 3.451,03 € | 3.451,03 € |

| ACTIVIDADE | PUNTA- CIÓN POR ACTIVIDA- DE 1 PUN- TO=177,49 € | ORZAMEN- TO DA ACTI- VIDADE | IMPORTE SOLICITADO | 50% DO OR- ZAMENTO | IMPORTE DE CONCE- SIÓN SE- GÚN PUN- TUACIÓNS | IMPORTE DE CONCE- SIÓN EXCE- SO SOBRE EL 50% OR- ZAMENTO | REDUC- CIÓN PRO- PORCIONAL Á ENTIDADE POR EXCE- DER DO IM- PORTE DE 200.000 (924,90 POR ACTIVIDA- DE) | IMPORTE DEFINITIVO DE CONCE- SIÓN |
|------------|--|-----------------------------------|-----------------------|-----------------------|--|---|---|--|
| | 1394 | | 253.666,35 € | 253.666,28 € | 247.421,06 € | 220.940,73 € | 200.000,00 € | 200.000,00 € |
| | 2817 | | | | | | | |
| | | | | | | | | 428.525,01 € |

SEGUNDO-Consonte o previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar o presente acordo no portal de transparencia municipal.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao/s interesado/s.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(901).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE PARA O FINANCIAMENTP DO X FESTIVAL VÉRTIXE SONORA DURANTE O EXERCICIO 2022. EXPTE. 4586/330.

Visto o informe xurídico do 3/10/2022 e o informe de fiscalización do 19/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 19 de setembro do 2022, a " Asociación Cultural Vértixe" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "X Festival Vértixe Sonora"; por este motivo, o día 19 de setembro do 2022, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-



Concello de Vigo

A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuzada da creación sonora internacional.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

OUTUBRO

sábado 29, 20h | VERBUM

1: HANATSU MIROIR

O espectacular ensemble de Strasbourg Hanatsu Miroir remata esta edición do festival cunha proposta que inclúe música cun sabor marcadamente étnico. Un convite a coñecer novos sabores e cualidades da escena contemporánea internacional.

JANUIBE TEJERA (BR) Nova obra*

DAPHENÉ HEJEBRI (FR) Nova obra*

FERNANDO CURIEL (ARX) Querandí*

*Estreas mundiais

HANATSU MIROIR Ayako Okubo flautas | Laurent Camate viola | Olivier Maurel percusión |

Domingo 30, 18h | AUDITORIO MARTÍN CÓDAX

2: UN DÍA ÚNICO

Experiencia multimedia na que diferentes linguaxes dilúense para crear unha nova entidade que comparte e reinterpreta o mesmo código. Os elementos visuais, escénicos, teatrais e semióticos artellan expresividades poliédricas. Investigando medios e tecnoloxías dende unha tradición transdisciplinar que inclúe o teatro musical, a escultura, a instalación sonora, a arte multimedia, o butoh ou outros.

JORGE GÓMEZ ELIZONDO (Austria/ México, 1986) Nueva obra*

ROBERTA LAZO VALENZUELA (Austria/ Chile, 1991) Nueva obra*

YOAV CHOREV (Israel, 1989) Nueva obra*

YIRAN ZHAO (Alemania/ China, 1988) The Single Day (2019) ** ca. 15' Voice, keyboard/synthesizer, bass Clarinet, percussion, and video

KRISTINE TJØGERSEN (Noruega, 1982) We should get to know each other (2016) ca. 7' Clarinete, Violoncello, Piano y Vídeo

*Estrea mundial 2022

**Nova versión especial para Vertixe Sonora

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 16.990,75 € (dezaseis mil novecentos noventa euros con setenta e cinco céntimos), dos que o Concello de Vigo achegará 7.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado na sede electrónica o día 21 de setembro do 2022.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Vértixe, para a organización do “X Festival Vértixe Sonora”, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Vértixe deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.



Concello de Vigo

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” ten como obxecto financiar a organización do “X Festival Vértixe Sonora”, figurando na aplicación **3340.480.00.00** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000 € (sete mil euros) á “Asociación Cultural Vértixe”, CIF. G-27751296, para o financiamento do “ X Festival Vértixe Sonora”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 “Convenio Festival Vértixe Sonora ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Vértixe que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do “X Festival Vértixe Sonora”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VÉRTIXE, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO X FESTIVAL VÉRTIXE SONORA

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, 17 de agosto do 2020 e 6 de setembro do 2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vertixe (CIF G27751296) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Canceleiro, 16, 2º B, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fé do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na organización do VIII Festival Vértixe Sonora promovido pola **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, como medio que é de fomentar a música contemporánea na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, a cantidade de 7.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para



Concello de Vigo

regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o “X Festival Vértixe Sonora” durante o exercicio 2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 16.990,75 € (dezaseis mil novecentos noventa euros con setenta e cinco céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000
- Deputación de Pontevedra: 7.990,75
- Fondos propios: 2.000

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

OUTUBRO

sábado 29, 20h | VERBUM

1: HANATSU MIROIR

O espectacular ensemble de Strasbourg Hanatsu Miroir remata esta edición do festival cunha proposta que inclúe música cun sabor marcadamente étnico. Un convite a coñecer novos sabores e cualidades da escena contemporánea internacional.

JANUIBE TEJERA (BR) Nova obra*
DAPHENÉ HEJEBRI (FR) Nova obra*
FERNANDO CURIEL (ARX) Querandí*

*Estreas mundiais

HANATSU MIROIR Ayako Okubo flautas | Laurent Camate viola | Olivier Maurel percusión |

Domingo 30, 18h | AUDITORIO MARTÍN CÓDAX

2: UN DÍA ÚNICO

Experiencia multimedia na que diferentes linguaxes dilúense para crear unha nova entidade que comparte e reinterpreta o mesmo código. Os elementos visuais, escénicos, teatrais e semióticos artellan expresividades poliédricas. Investigando medios e tecnoloxías dende unha tradición transdisciplinar que inclúe o teatro musical, a escultura, a instalación sonora, a arte multimedia, o butoh ou outros.

JORGE GÓMEZ ELIZONDO (Austria/ México, 1986) Nueva obra*
ROBERTA LAZO VALENZUELA (Austria/ Chile, 1991) Nueva obra*
YOAV CHOREV (Israel, 1989) Nueva obra*
YIRAN ZHAO (Alemania/ China, 1988) The Single Day (2019) ** ca. 15' Voice,
keyboard/synthesizer, bass Clarinet,
percussion, and video
KRISTINE TJØGERSEN (Noruega, 1982) We should get to know each other (2016) ca. 7'
Clarinete, Violoncello, Piano y Vídeo

*Estrea mundial 2022

**Nova versión especial para Vertixe Sonora

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.



Concello de Vigo

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega póliza do seguro de responsabilidade civil e copia de pagamento deste.
10. A ENTIDADE será a responsable de velar polo estricto cumprimento da normativa vixente en relación ao covid.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na

páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roidas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.



Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.



Concello de Vigo

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2022, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos.



Concello de Vigo

Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO X FESTIVAL VÉRTIXE SONORA 2022

| | |
|---|-----------------|
| GASTOS | 16990,75 |
| PRODUCCIÓN | 6128,80 |
| Desprazamentos | 1500 |
| Aloxamentos | 2112,00 |
| Alugamento de instrumentos e sonorización | 1089,00 |
| Documentación | 847 |
| Persoal servizos eventos | 363 |
| Dereitos autor | 217,8 |
| PROMOCIÓN E PUBLICIDADE | 1053,95 |
| Comunicación | 726 |
| Cartelaría, contidos web | 327,95 |
| CACHETS | 9808 |
| Honorarios HANATSU miroir | 4000 |
| Honorarios músicos VS | 5808 |

| | |
|-----------------|------------------|
| INGRESOS | 16.990,75 |
| Concello | 7000 |
| Deputación | 7.990,75 |
| Fondos propios | 2.000,00 |

11(902).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN GALEGA AUDIOVISUAL INCLUSIVA “AGAIN” PARA O FINANCIAMENTO DO VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INCLUSIVO DE VIGO 2022. EXPTE. 4575/330.

Visto o informe xurídico do 3/10/2022 e o informe de fiscalización do 17/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 16/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 18 de agosto do 2022, a "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva, Again" presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do VII Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo a realizar durante o exercicio 2022; por este motivo, o día 5 de setembro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.06 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2015 que traballa a prol da accesibilidade no cine. O seu evento máis importante é o Festival de Cine Inclusivo de Vigo que naceu no 2015. O Festival de Cine Inclusivo de Vigo traballa por conseguir que o cine sexa unha arte por e para todas as persoas.



Concello de Vigo

Malia a curta idade do festival, ano tras ano, amplíase para conseguir o seu obxectivo principal: facer do cinema unha arte inclusiva.

O Festival naceu para chamar a atención sobre a necesidade de eliminar as barreiras visuais, auditivas e físicas para que os espectadores con algunha discapacidade poidan gozar do cinema co resto do público. Así como para visibilizar a realidade da discapacidade a través da pantalla con presentacións, proxeccións, obradoiros e conferencias.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2022:

O VII Festival de Cine Inclusivo de Vigo celebrarase do 18 ao 22 de outubro de 2022 no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, no MARCO e no Cine-Teatro Salesianos.

As seccións competitivas serán as seguintes:

- Mellor longametraxe de ficción
- VIG-IN DOC. Mellor lungametraxe documental
- SHORT-IN DOC. Mellor curtametraxe documental
- Mellor curtametraxe de ficción
- Sección online de webseries inclusivas

As seccións de actividades paralelas serán adicadas ao cinema que da visibilidade á diversidade funcional, ao cinema de valores para a cativada e ao cinema que reflexiona sobre o rol da muller.

Homenaxe ao director Roberto Pérez Toledo

O Festival quere facer este ano unha homenaxe á obra do director canario Roberto Pérez Toledo, falecido o pasado 31 de xaneiro en Madrid cando estaba rodando a súa terceira longa.

Actividades paralelas

Outras actividades paralelas estarán dirixidas ao sector audiovisual como a webinar online co director/a ou guionista dunha serie, actividade que se organiza desde hai dous anos coas escolas de imaxe e son de Galicia.

Ademais para a mocidade, recupera a sección para escolas (Coñece!) que achega aos institutos unha obra audiovisual para reflexionar sobre unha temática. Nesta edición seguiranse tratando temas importantes para a mocidade como a adición ás tecnoloxías ou o bullying.

Para os máis cativos, organízase unha proxección de obras audiovisuais, principalmente de animación, con valores.

Por suposto, os coloquios chamados o café con CREA e as cañas con AGAG fomentarán unha edición máis que as creadoras e os creadores galegos reflexionen sobre a igualdade e a inclusión, así como a accesibilidade das súas obras. Este ano a charla CREA estará dirixida pola directora e produtora Chelo Loureiro que tomará así o relevo de Paula Cons.

Paralela a estas charlas, será a sesión de curtas para a igualdade, unha escolla de obras nas que os seus creadores reflexionan sobre o rol da muller na sociedade.

Así mesmo, trala sesión de curtas ao redor da discapacidade, organízanse actividades e presentacións de produtos audiovisuais e culturais como videoxogos ou documentais creados para ou polo colectivo.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 19.840,48 € (dezanove mil oitocentos corenta euros con corenta e oito céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 €
- Deputación de Pontevedra: 10.000 €
- AGADIC. Xunta de Galicia: 3.093,37 €
- Entidades privadas, patrocinadores: 1.747,11 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Declaración responsable de subscribir seguro de responsabilidade civil e de presentar a poliza o recibo de pagamento do dito seguro antes do inicio da actividade.
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado pola sede electrónica municipal con data 15.09.2022

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á "**Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)**" para o financiamento do VII Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo a realizar durante o exercicio 2022 , obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "**Asociación Galega Audivosual Inclusiva (Again)**" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "**Asociación Galega Audivosual Inclusiva (Again)**" ten como obxecto financiar a organización do VII Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo a realizar durante o exercicio 2022, figurando na aplicación **3340.480.00.06** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "**Asociación Galega Audivosual Inclusiva (Again)**" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 5.000 € (cinco mil euros) á "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)", CIF. G-27854306, para o financiamento do VII Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo a realizar durante o exercicio 2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.06 "CONVENIO FESTIVAL DE CINE INCLUSIVO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do VII Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo a realizar durante o exercicio 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E "A ASOCIACIÓN GALEGA AUDIOVISUAL INCLUSIVA, AGAIN" PARA O FINANCIAMENTO DO VII FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INCLUSIVO DE VIGO 2022

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Gonzalo Suárez Garayo, na súa condición de presidente da "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva, AGAIN" (CIF: G-27854306) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Venezuela núm.36-3-esquerda, CP 36203 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*1.-Que a **Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2015 que traballa a prol da accesibilidade no cine. O seu evento máis importante é o Festival de Cine Inclusivo de Vigo que naceu no 2015. O Festival de Cine Inclusivo de Vigo traballa por conseguir que o cine sexa unha arte por e para todas as*



Concello de Vigo

persoas. Malia a curta idade do festival, ano tras ano, amplíase para conseguir o seu obxectivo principal: facer do cinema unha arte inclusiva.

O Festival naceu para chamar a atención sobre a necesidade de eliminar as barreiras visuais, auditivas e físicas para que os espectadores con algunha discapacidade poidan gozar do cinema co resto do público. Así como para visibilizar a realidade da discapacidade a través da pantalla con presentacións, proxeccións, obradoiros e conferencias.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)", como medio que é de promover a cultura inclusiva na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.06, como subvención nominativa, a favor da "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)", a cantidade de 5.000 euros.

IV.- Que a "Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (Again)" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para a organización do "VII Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo" durante o exercicio 2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 19.840,48 € (dezanove mil oitocentos corenta euros con corenta e oito céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 €
- Deputación de Pontevedra: 10.000 €
- AGADIC. Xunta de Galicia: 3.093,37 €
- Entidades privadas, patrocinadores: 1.747,11 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O VII Festival de Cine Inclusivo de Vigo celebrarase do 18 ao 22 de outubro de 2022 no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, no MARCO e no Cine-Teatro Salesianos.

As seccións competitivas serán as seguintes:

- Mellor lungametraxe de ficción
- VIG-IN DOC. Mellor lungametraxe documental
- SHORT-IN DOC. Mellor curtametraxe documental
- Mellor curtametraxe de ficción
- Sección online de webseries inclusivas

As seccións de actividades paralelas serán adicadas ao cinema que da visibilidade á diversidade funcional, ao cinema de valores para a cativada e ao cinema que reflexiona sobre o rol da muller.

Homenaxe ao director Roberto Pérez Toledo

O Festival quere facer este ano unha homenaxe á obra do director canario Roberto Pérez Toledo, falecido o pasado 31 de xaneiro en Madrid cando estaba rodando a súa terceira longa.

Actividades paralelas

Outras actividades paralelas estarán dirixidas ao sector audiovisual como a webinar online co director/a ou guionista dunha serie, actividade que se organiza desde hai dous anos coas escolas de imaxe e son de Galicia.

Ademais para a mocidade, recupera a sección para escolas (Coñece!) que achega aos institutos unha obra audiovisual para reflexionar sobre unha temática. Nesta edición seguiranse tratando temas importantes para a mocidade como a adicción ás tecnoloxías ou o bullying.

Para os máis cativos, organízase unha proxección de obras audiovisuais, principalmente de animación, con valores.

Por suposto, os coloquios chamados o café con CREA e as cañas con AGAG fomentarán unha edición máis que as creadoras e os creadores galegos reflexionen sobre a igualdade e a inclusión, así como a accesibilidade das súas obras. Este ano a charla CREA estará dirixida pola directora e produtora Chelo Loureiro que tomará así o relevo de Paula Cons.

Paralela a estas charlas, será a sesión de curtas para a igualdade, unha escolla de obras nas que os seus creadores reflexionan sobre o rol da muller na sociedade.



Concello de Vigo

Así mesmo, trala sesión de curtas ao redor da discapacidade, organízanse actividades e presentacións de produtos audiovisuais e culturais como videoxogos ou documentais creados para ou polo colectivo.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gonzalo Suárez Garayo, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións,

reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes do inicio da actividade obxecto de subvención.

10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.



Concello de Vigo

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas



Concello de Vigo

que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 202, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2022

GASTOS



Concello de Vigo

| Concepto | Sen IVE | Con IVE |
|---|-------------|-------------|
| 1. Gastos de proxeccións presenciais | 650,00 € | 786,50 € |
| 2. Gastos relativos ás contornas dixitais | 331,37 € | 379,13 € |
| 3. Gastos de xestión de películas | 1.248,43 € | 1.493,90 € |
| 4. Gastos de promoción e difusión | 858,08 € | 1.038,28 € |
| 5. Xestión de invitados | 1.700,00 € | 1.970,00 € |
| 6. Premios e galardóns | 2.917,36 € | 2.921,36 € |
| 7. Gastos de persoal | 3.122,86 € | 4.174,06 € |
| 8. Gastos derivados | 4.955,00 € | 5.965,10 € |
| 9. Outros gastos | 1.007,59 € | 1.112,50 € |
| TOTAL | 16.790,69 € | 19.840,48 € |

INGRESOS

| Entidade | Cantidade concedida |
|--------------------------|---------------------|
| Deputación de Pontevedra | 10.000,00 € |
| AGADIC- Xunta de Galicia | 3.093,37 € |
| CONCELLO DE VIGO | 5.000,00 € |
| OUTROS PATROCINADORES | 1.747,11 € |
| TOTAL | 19.840,48 € |

12(903).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 839/441.

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 20/10/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das “TAREFAS DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DERIVADAS DA EXECUCIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte. 641-441)”

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos en data 06.09.2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contrata en datas 22.09.2021 e 23.09.2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “OITENTA E OITO MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON DOCE CÉNTIMOS” (85.844,12€), sendo o importe correspondente ao IVE de 14.898,56 €.

Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 (ESTUDIOS DE SEGURIDADE E SAÚDE E DIRECCIÓN), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| Anualidade | con IVE | sen IVE | IVE |
|--------------|--------------------|--------------------|--------------------|
| 2021 | 1.788,42 € | 1.478,03 € | 310,39 € |
| 2022 | 21.461,03 € | 17.736,39 € | 3.724,64 € |
| 2023 | 21.461,03 € | 17.736,39 € | 3.724,64 € |
| 2024 | 21.461,03 € | 17.736,39 € | 3.724,64 € |
| 2025 | 19.672,61 € | 16.258,36 € | 3.414,25 € |
| Total | 85.844,12 € | 70.945,56 € | 14.898,56 € |



Concello de Vigo

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de xuño de 2022, de INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("Ofertas con calidade técnica inadecuada: as que non acaden o umbral mínimo de puntuación fixado nun 50 % da puntuación máxima fixada para estes criterios").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441) na seguinte orde descendente:

| | Licitadores | Puntuación |
|---|---|-------------------|
| 1 | AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. | 91,00 € |
| 2 | ATENEA, S.A.U. | 86,90 € |
| 3 | INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L. | 83,80 € |
| 4 | APPLUS NORCONTROL, S.L.U | 60,22 € |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L., o día 30 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 13 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de maio de 2022 e 22 de setembro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de xuño de 2022, de INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (“Ofertas con calidade técnica inadecuada: as que non acaden o umbral mínimo de puntuación fixado nun 50 % da puntuación máxima fixada para estes criterios”)*



Concello de Vigo

2. Adxudicar a *AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314)* o procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441) por un prezo total do contrato de 68.882,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.954,89 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(904).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1326/441.

Visto o informe xurídico do 11/10/2022 e o informe de fiscalización do 20/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/10/2022, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Áreas e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 07.05.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “Vigo Vertical de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o n.º 209 e o n.º 178 no Concello de Vigo a favor da empresa ICEACSA Consultores SLU (B15080849).

II.- A empresa ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (879.382,35 euros)

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 20.06.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 22 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.06.2022 aprobou o proxecto de obras de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (879.382,35 euros) e sinatura dixital de data 19.06.2022. (Expte. 5.359-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 30.06.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.539-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, asinado dixitalmente en data 19.06.2022.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe do Servizo Xurídico da Área de Fomento de datas 4 e 6 de xullo de 2022.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data data 6 de xullo de 2022.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 15 de xullo de 2022.
- E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 19 de xullo de 2022.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 11 de agosto de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 12 e 17 de de agosto de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 5 de setembro de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 5 de setembro de 2022.
- J) Rectificación da Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Área de Inversións e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 3 de outubro de 2022.
- K) Corrección dos certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en datas 28 de setembro e 4 de outubro de 2022.
- L) Dilixencia de Corrección do PCAP de data 6 de outubro de 2022.
- M) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 6 de outubro de 2022.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.



Concello de Vigo

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 20.06.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **"IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO"**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 6 de outubro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (879.382,35 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 152.620,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.11 (Vigo Vertical, 2º actuación de Vigo_Aragón), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|------|--------------|
| 2022 | 45.861,10 € |
| 2023 | 833.521,25 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”. EXPTE. 954/441. O mesmo foi asinado dixitalmente por ambas institucións en datas 22 e 25 de outubro de 2021.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1.817,49%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(905).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO”. EXPTE. 5457/443.

Visto o informe de fiscalización do 24/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 4 de abril de 2022, autoriza o gasto para a redacción do “PROXECTO VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO” a favor da mercantil Ingenia Projectos Técnicos S.L.



Concello de Vigo

II.- Ingenia Proyectos Técnicos S.L., presenta trala fase de supervisión do borrador o proxecto de “PROXECTO VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.305.531,65 EUROS) e data marzo de 2022, firmado dixitalmente en data 20 de outubro de 2022.

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestructuras, en data 18 de marzo de 2022, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, con data 18.03.2022 de 2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar na zona verde existente entre as rúas dos Curros e a rúa Ernesto Lecuona e na marxe esquerda da rúa José Franco. En total proxéctanse tres ramplas mecánicas cunha lonxitude total de 98 m para salvar unha diferenza de cota de 18 m. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Demolerase o pavimento de beirarrúas e calzadas, para a posterior escavación da caixa co espesor correspondente a cada sección tipo. Tamén se levará a cabo a compactación do fondo da escavación.
- Executaranse tres ramplas mecánicas nas vías Rúa dos Curros, Rúa Ernesto Lecuona e Rúa José Franco. Nos tres casos a pendente é do 21%, o ancho da paleta é de 1 m e a velocidade de 0,5 m/s.
- Os pavimentos de calzada estarán compostos por unha capa de 5 cm de MBC tipo AC-16 SURF D BC 50/70, sobre unha capa de formigón HM-20 e á súa vez sobre unha capa de saburra artificial de 20 cm.
- As beirarrúas estarán executadas con lousa de formigón ecolóxica de 60x40x6 cm, asentadas sobre unha capa de morteiro de 4 cm e unha soleira de formigón de HM-20 de 15 cm. O bordo será de granito branco mera asentado sobre formigón HM-20.
- A rede de abastecemento soamente se verá completada cun mallado en tubaxe de fundición dúctil de 100 mm de diámetro e a instalación de 6 bocas de rego e 2 hidrantes.
- As redes de fecais serán novas na rúa José Franco e na rúa Ernesto Lecuona, serán executadas con tubaxes de PVC de 315 mm de diámetro.
- Executarase unha nova rede de pluviais mediante tubaxes de PVC con diámetros de 315 mm.
- A rede de alumeados estará composta por tubaxes de PVC e luminarias sobre columnas de 4 e 9 m de altura.
- A nova rede de rego estará dividida en dous sectores, un para o arborado e o outro para as zonas verdes.
- Instalaranse 6 papeleiras e 5 bancos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (NOVE) 9 meses.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do programa Next Generation EU e a Enxeñeira da

Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en data 21 de setembro de 2022 informe, indicando o seguinte:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO



Concello de Vigo

Aprobar o “PROXECTO VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.305.531,65 EUROS) e data marzo de 2022, firmado dixitalmente en data 20 de outubro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(906).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CORUÑA”. EXPTE. 5719/443.

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/2022, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 01.07.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de pavimentación da rúa da Coruña a favor da empresa Ingenia Proyectos Técnicos SL,

II.- A devandita empresa presentou presentou borrador de proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CORUÑA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a María Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CATORCE MIL TRESCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (514.343,48 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 16 de setembro de 2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 19 de setembro de 2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A rúa Coruña conecta dúas avenidas que constitúen dous eixos principais da rede viaria da cidade: a avenida de Beiramar e a avenida Castelao, ademais na praza Eduardo Fadrique conclúen a rúa Tomás A. Alonso e a rúa Conde de Torrecedeira.

Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación:

- Realizárase o fresado da capa de rodadura cun espesor de 5 cm nos tramos onde se dispón unicamente capa de rodadura. Na zona onde se proxecta unha capa de regularización previa,

se fresarán 10 cm de espesor.

- Na glorieta da praza da Industria realizárase a demolición do pavimento.
- Naquelas zonas da calzada onde sea necesario realizar a reposición do paquete completo de firme, a sección de firme proxectada estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm de MBC tipo AC-16 SURF BC 50/70 D, sobre unha capa intermedia de 8 cm de MBC tipo AC-22 BIN BC 50/70 S, que a súa vez irá sobre unha capa base MBC tipo AC-32 BASE BC 50/70 G de 12 cm de espesor, sobre unha subbase de zahorra artificial de 25 cm. Sobre a capa de zahorra e previamente á extensión da MBC da capa base, dispórase un rego de imprimación C60BF4 IMP. Entre as capas de MBC dispórase un rego de adherencia.
- No tramo onde se dispón unha capa de regularización previa á de rodadura, a sección de firme proxectada estará composta por unha capa de rodadura de 5 cm de MBC tipo AC-16 SURF BC 50/70 D, sobre unha capa intermedia de 5 cm de MBC tipo AC-22 BIN BC 50/70 S. Previamente á extensión da MBC da capa base e entre as capas de MBC dispórase un rego de adherencia.
- No resto da calzada realizarase o fresado e posterior aglomerado cunha capa de 5 cm de espesor de MBC tipo AC-16 SURF D BC 50/70 que irá estendida sobre o firme existente. Previamente á extensión da capa de rodadura dispórase un rego de adherencia.
- Renovarase toda a sinalización horizontal do ámbito de proxecto e se recrecerán todas as arquetas á cota do vial proxectado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOS) 2 meses.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 17 de outubro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado.

Dada a natureza dos traballos proxectados co obxectivo de conservación e mantemento do vial xa existente e polo tanto, sen actuacións que indiquen modificacións na infraestrutura actual non é necesario a autorización sectorial de ningunha outra administración.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.



Concello de Vigo

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “**PAVIMENTACIÓN DA RÚA CORUÑA**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª María Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CATORCE MIL TRESCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (514.343,48 €), de data Setembro do 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(907).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALLADARES”. EXPTE. 5618/443.

Visto o informe de fiscalización do 24/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/10/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 05/04/2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da mercantil EPTISA Servicios de Ingeniería S.L.

II.- A empresa EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L. presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RUA MARQUES DE VALLADARES”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CATORCE MIL CENTO NOVE EUROS CON CUARENTA E DOUS CÉNTIMOS (214.109,42€) e firmado dixitalmente en xuño do 2022.

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestructuras, en data 5 de xullo de 2022, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, coa mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar na Rúa Marques de Valladares, vía de titularidade municipal. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Reparación das pataloxías do firme detectadas, mediante:
 - Eliminación da capa de adoquín de lastro.
 - Reposición do firme da calzada mediante formigón bituminosos tipo AC22 Bin 50/70 S en capas intermedias e de regularización e unha capa de rodada tipo AC16 SURF 50/70 D en toda actuación que deberá ser sometido a un tratamento de pulido, segundo especificacións existentes no proxecto.
 - Existen zonas onde e preciso realizar unha renovación total das capas de firme, mediante o emprego de capas granulares tipo ZA 25, formigón bituminosos tipo AC22 BIN 50/70 S, AC32 BASE 50/70 G.
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.
- Obras complementarias de reposición de lazos detección e canalizacións solicitadas polo departamento de tráfico do Concello de Vigo.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- A Enxeñeiro de obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en data 7 de outubro de 2022 informe, indicando o seguinte:



Concello de Vigo

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de proxecto de “**PAVIMENTACIÓN DA RUA MARQUES DE VALLADARES**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CATORCE MIL CENTO NOVE EUROS CON CUARENTA E DOUS CÉNTIMOS (214.109,42€) e firmado dixitalmente en xuño do 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(908).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DOS DESPRAZAMENTOS A MADRID DA DELEGACIÓN CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR) 2023. EXPTE. 8222/104.

Visto o informe-xurídico do 14/10/2022 e o informe de fiscalización do 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/2022, asinado pola técnica de Actividades Turísticas, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 10/08/2022.
- Memoria económica de data 15/09/2022, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur (2022) para o mesmo tipo de servizos e tras analizar os importes facturados pola axencia de publicidade nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio, así como a referencia de prezos de mercado segundo tarifas que aparecen nas diferentes páxinas Web publicadas en internet. No custo da persoa que acompañará a delegación a



Concello de Vigo

Madrid tomouse como referencia os importes facturados polas axencias na pasada edición.

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 16/09/2022 (operacións nº 20220009540, 202200095341).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 06/10/2022
- Memoria xustificativa de data 16/09/2022 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento aberto simplificado abreviado, previsto e regulado polo artigo 159.6 da LCSP, dado que o seu valor estimado é inferior a 60.000 euros e carece de criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor (Art. 159.1,b)
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 06/10/2022
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 06/10/2022

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 14/09/2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.1.a LCSP) non necesita máis xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL



Concello de Vigo

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado abreviado **PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR 2023).**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 06/10/2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 06/10/2022

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **28.926,99€ con iva, sendo o IVE 2.769,86 €.**

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 "Organización e loxística de Feiras". do programa orzamentario do servizo de Turismo para os exercicios 2022 e 2023.

Co seguinte desglose de anualidades:

Anualidade 2022: 5.785,39€

Anualidade 2023: 23.141,60€

Total: 28.926,99€

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación da prestación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023. expte. 8277/104.
- .- Proposta de aprobación da minoración do importe do contrato de subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria xestionados polo servizo do Parque Móbil Municipal, correspondente a anualidade 2022. Expte. 13493/445.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(909).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS QUE TERÁ COMO FIN A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR) 2023. EXPTE. 8277/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 26/10/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola técnica de actividades turísticas, a concelleira-delegada de Área e polo concellerio delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 11/10/2022.



Concello de Vigo

- Memoria económica de data 26/10/2022, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur (2022) para o mesmo tipo de servizos e tras analizar os importes facturados pola axencia de publicidade nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio. No custo da persoa que acompañará a delegación a Madrid tomouse como referencia os importes facturados polas axencias na pasada edición.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Retención de crédito de data 17/10/2022 (operacións nº 202200084541 e 202200084542).
 - Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 17/10/2022
 - Memoria xustificativa de data 21/10/2022 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
 - Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 21/10/2022
 - Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 26/10/2022

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato

nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 11/10/2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



Concello de Vigo

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS QUE TERÁ COMO FIN A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO (FITUR) 2023.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 17/10/2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 26/10/2022

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **63.515,32€ con iva, sendo o IVE 11.023,32 €.**

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 "Organización e loxística de Feiras". do programa orzamentario do servizo de Turismo para os exercicios 2022 e 2023.

Co seguinte desglose de anualidades:

Anualidade 2022: 23.861,20 €

Anualidade 2023: 39.654,12 €

Total: 63.515,32€

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(910).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MINORACIÓN DO IMPORTE DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA XESTIONADOS POLO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE A ANUALIDADE 2022. EXPTE. 13493/445.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 21/10/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 14.02.2019 acordou “*Adxudicar a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445) coas seguintes condicións:*

- *O importe total do contrato ascende a 824.620,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 143.115,87 euros, cunha porcentaxe de desconto por litro de gasóleos e gasolina do 9,75%.*
- *Incrementa o horario mínimo establecido no prego de prescricións técnicas particulares a 24 horas.*
- *Comprométese a poñer en disposición deste contrato cando menos tres estacións de servizo localizadas no termo municipal de Vigo, e unha delas cun mínimo de 3 km a contar desde o parque central de servizos do Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

II.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 21/03/2019.

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 18.03.2021 acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493-445), formalizado coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. polo período comprendido desde o 22/03/2021 ata o 21/03/2022.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 18 de novembro de 2021, acordou reducir a anualidade do contrato para o ano 2021 en 165.184,25 € (CENTO SESENTA E CINCO MIL CENTO OITENTA E CATRO EUROS con VINTECINCO CÉNTIMOS) sobre o crédito dispoñible para a execución deste contrato no ano 2021, e proceder a liberación do importe minorado na mesma aplicación orzamentaria 9202.2210300, no AD2021 00035070.



Concello de Vigo

V.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 03.03.2022 acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493/445), formalizado coa entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. polo período comprendido desde o 22/03/2022 ata o 21/03/2023, e autorizar o gasto estimado do contrato do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do Parque Móbil municipal (13493/445) a favor da entidade mercantil RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (C.I.F. A25009192) por importe de CATROCENTOS DOCE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (412.310,00 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de SETENTA E UN MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (71.557,93 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202.221.03.00 "Combustible e carburantes", segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2022: período comprendido entre o 22/03/2022 e o 31/12/2022: 340.000,00 €.
- Ano 2023: período comprendido entre o 01/01/2023 e o 21/03/2023: 72.310,00 €.

VI.- Consecuencia dos devanditos acordos, no expediente están tramitados dous AD por importe de 72.310 euros (AD 202200007078) e de 340.000 euros (ADC 202200036569), alcanzando en fase D, para a anualidade 2022, o importe total de 412.310 euros.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

I.- Respecto da execución do devandito contrato cabe indicar o seguinte:

- Durante o ano 2022, con cargo ao AD 202200007078 e ADC 202200036569 , e ata o día de hoxe, tense executado derivado do consumo ata a devandita data un importe total de 185.817,87 euros, segundo o seguinte detalle:

| AD nº 7078 e ADC nº 36569 | |
|---------------------------------------|---------------------|
| Fra. Expte. 15159-445, 29-30 2021 | 1.241,07 € |
| Fra. Expte. 15178-445, Xaneiro 2022 | 17.073,18 € |
| Fra. Expte. 15205-445 , Febreiro 2022 | 20.481,84 € |
| Fra. Expte. 15245-445, Marzo 2022 | 21.292,58 € |
| Fra. Expte. 15282-445, Abril 2022 | 19.622,42 € |
| Fra. Expte. 15332-445, Maio 2022 | 26.861,80 € |
| Fra. Expte. 15353-445, Xullo 2022 | 30.001,03 € |
| Fra. Expte. 15396-445, Agosto 2022 | 28.617,96 € |
| TOTAL FACTURADO | 185.817,87 € |

- O número da flota da municipal así como o uso que se ven realizando da mesma e os prezos actuais dos combustibles permiten estimar unha previsión de máximo rendemento nun máximo de 120.000,00 euros o crédito necesario ata a finalización do ano 2022.
- Como consecuencia do exposto, o técnico que subscribe informa que, ao menos 106.492,13 € (IVE incluído) do importe do orzamento destinado ao contrato para o ano 2022 non será executado no mesmo.

II.- A disposición adicional trixésima terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), aplicable ao presente contrato, “Contratos de subministracións e servizos en función das necesidades”, establece:

Nos contratos de subministracións e de servizos que tramiten as Administracións Públicas e demais entidades do sector público con orzamento limitativo, nos cales o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens ou a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato defínase con exactitude ao tempo de celebrar leste, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración, deberá aprobarse un orzamento máximo.

No caso de que, dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, deberá tramitarse a correspondente modificación. A tales efectos, haberá de preverse na documentación que rexa a licitación a posibilidade de que poida modificarse o contrato como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

III.- Para o suposto proposto, o informe da IGAE de data 03/02/2016 que interpreta a DA 34ª do TRLCSP – de acordo co Informe 17/12 da JCCA-, de idéntica redacción que a correspondente á vixente DA 33ª da LCSP, indica o seguinte :

“(…)

Se o que se advirte é o suposto inverso, isto é, unhas necesidades reais durante a vixencia do contrato inferiores ás previstas (por unha revisión á baixa das estimacións iniciais da Administración), sen que varíen os prezos unitarios nin o obxecto do contrato, o que procederá é unha modificación do expediente de gasto, sen que se considere unha modificación contractual, podendo nestes casos descontaer ou liberar o crédito comprometido con anterioridade á liquidación do contrato, previa tramitación da mencionada modificación do expediente de gasto.

(…)”



Concello de Vigo

A vista do exposto e tendo en conta a condición de execución do contrato en función das necesidades do servizo, e sendo estas as indicadas no informe de execución do contrato, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Reducir a anualidade do contrato para o ano 2022 en 106.492,13 € (CENTO SEIS MIL CATROCIENTOS NOVENTA E DOUS EUROS con TRECE CÉNTIMOS) sobre o crédito dispoñible para a execución deste contrato no ano 2022, e proceder a liberación do importe minorado na mesma aplicación orzamentaria 9202.2210300.

Segundo.- Notificar á empresa adxudicataria RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(911).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez